


BEST  
SALTON.  
2023

IES Alexandre Bóveda



Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
Vigo, xuño 2024



Respeto  
SALTO N.

<b>Limiar</b>	2
<b>“A fiscalización do corpo feminino”</b>	3
<b>Os nosos clubs</b>	4
<b>Alén da cancela</b>	6
<b>Recuncho EDLG</b>	11
<b>A sala de profes</b>	27
<b>Más ca estudantes</b>	33
<b>Música do país</b>	35
<b>Na galería</b>	45
<b>“Ballet de amorodos e mazás”</b>	52

**Táboa de seccións**

## Limiar

Un ano máis sae do prelo *O Besbello Saltón*. Cinco anos dan para moito, pandemia mundial de por medio, e dende logo foron suficientes para enchérmonos de degoxo por volver pousar os ollos sobre as páxinas da nosa revista

Nesta edición incluimos artigos sobre temas de actualidade, creación literaria, retallos da vida escolar e recomendacións en música, literatura e teatro, entre outros temas que poderás descubrir sobre a marcha. Queremos con *O Besbello Saltón* crear unha vía de expresión de toda a comunidade educativa e de comunicación con outros ámbitos non tan presentes no día a día académico, co alumnado como protagonista preferente, mais aludindo ao papel que todas as persoas que configuramos esta comunidade podemos xogar na súa mellora.

Desexamos que disfrutes da lectura e ficamos á espera da túa colaboración en vindeiros números!

- **Portada e contraportada:** José Manuel González
- **Coordinación de contidos:** Mara Garcés, Alexia Multa, Victoria Suárez, Marta Rodríguez, Gabriela Rodríguez, Nayara da Silva, Irma Silva
- **Maquetación:** Irma Silva
- **Corrección:** Damián Suárez, Helena Sotelo

## A fiscalización do corpo feminino

Sara Durán, 2º Bacharelato D

Durante toda a miña experiencia de vida non conseguín coñecer ningunha muller que non detestase a súa imaxe. Non digo que sexa odio extremo, pero sempre hai algo, o nariz, o estómago, os peitos, as pernas e mil partes máis do corpo. Doéme profundamente, pois eu son unha máis dentro deste grupo, e ver certas características que eu morrería por ter sendo odiadas, doéme.

Dende que somos pequenas somos educadas no odio aos nosos corpos. Sempre hai unha amiga que chora polo seu abdome, unha nai que anuncia na cea que hoxe non ceará porque está a dieta, unha tía que recalca que subiches de peso. Crecemos rodeadas de asfixiantes estereotipos a vencer, revistas de moda nas perruquerías que mostran a modelo do momento e o que come nun día, presentadoras da televisión sen un pelo no corpo e sen mácula do paso do tempo por elas, actrices que se teñen que operar cando son maiores porque, se non, non terán máis traballo.

Somos educadas na necesidade de sermos perfectas, de adaptármonos ao sempre cambiante estereotipo. Un estereotipo que non decidimos nós, estereotipos comercializados, postos e impostos. Cando ves unha película sobre un home rico verás unha muller demasiado nova para estar con el, delgada, acorde ao estándar do momento, sempre bonita. Ao seu carón o home, de imaxe regular, común, para o que non opera ningún estereotipo estrito. Precisamente esa imaxe vende, porque o público que a compra é o masculino que espera ver a súa fantasía feita realidade. Porque a fantasía feminina non vende, porque o público feminino non compra.

Crecemos odiando a idade, hai moitas cremas antiengurras, como se as engurras non fosen o recordo da xuventude na pel. É de moi mala educación preguntar a unha muller a súa idade, porque debe ser unha vergoña a experiencia na vida, os paso dos anos. Educánnos nos “hábitos saúdabeis” que non fan máis que crear trastornos alimenticios, odio ao corpo propio e crítica ao alleo como consolo.

Non coñezo ningunha muller que non deteste o seu corpo, pero espero nun futuro ter fillas, sobriñas ou netas que coñezan o cariño a si mesmas dende a primeira toma de aire. Que crezan nun mundo non estrito que permita a felicidade do corpo como é, a liberdade de comer, crecer e aprender sen ter que pensar no que dirán, nas calorías ou nos macronutrientes.

O venres 12 de abril, o noso **Club de Manga** visitou a Comic-Con de Moaña, que nesta edición estaba inspirada no anime de "Dragon ball" porque había un mes do falecemento do seu creador, Akira Toriyama, que tamén o ilustrou.

Víaxamos ata Moaña en barco, dende o peirao de Vigo. Nese lugar xuntáronse varios institutos e xente que ía mercar ou participar no concurso de *cosplay*, porque as persoas podían ir disfrazadas das personaxes que quixeran.

Xa na Comic-Con había unha gran variedade de lugares de venda, dende alimentos e bebidas de todo tipo ata figuras e libros para mercar. No concurso de *cosplay* quedou terceiro un dos nosos compañeiros, aínda que todos os traxes eran moi bonitos e estaban moi ben feitos.

Tamén había xogos de mesa nos que todas as persoas podían participar, unha zona de videoxogos e unha pantalla onde proxectaban anime. Outro dos espazos que estaban dentro do recinto era un *stand* onde varios artistas facían tatuaxes escritas en xaponés do que ti quixeses, despois de ensinarche algo dese lindo idioma, e todo isto gratis!

Ao haber máis centros de ensino de visita, moita xente fixo amigos novos. Foi, en definitiva, unha xornada moi divertida.

**Fátima Blanco Mariño, 3º ESO B**





## FLEXICOCIÑA

### PROGRAMA EDU-SAÚDE (CP INNOVA)

Este curso 2023-2024, en base aos contratos programa, concretamente C.P. INNOVA, realizamos co alumnado dos agrupamentos un programa para desenvolver competencias e habilidades relacionadas cos hábitos saudables. Para isto, desenvolvemos diversas actividades en consonancia co tema e alternamos as aprendizaxes máis teóricas coa realización de prácticas (elaboración de receitas).

As actividades fixéronse unha vez ó mes en todas as áreas dos agrupamentos: matemáticas, lingua castelá e lingua galega, e nos cursos de 1º e 2º da ESO.

Realizamos as seguintes actividades:

- Elaboración por parte do alumnado de cadanseu mandil e gorro de cociñeiro.
- Realizamos a pirámide alimenticia para traballar aspectos da alimentación saudable.
- Aprendemos o mapa gustativo da lingua.
- Fixemos a análise sensorial de alimentos variados en parellas.
- Falamos das normas que temos que ter en conta na cociña.
- Elaboramos a receita de pudín de plátano no microondas: lemos e interpretamos a receita (preparación dos materiais e ingredientes necesarios), e plasmámola no papel.
- Tamén preparamos batido de plátano, e seguiremos con máis receitas que o alumnado poida facer tanto no IES coma na súa casa.

### Podding de plátano

#### INGREDIENTES

- 1 plátano maduro
- 1 ovo
- 5 coleradas sopeiras de cacao en po

#### ELABORACIÓN

- Esmagar nun recipiente o plátano con garfo. Engadir o ovo e mesturalo ben. Agregar o cacao e bater ata que estea todo ben integrado.
- Verter a mestura nun recipiente apto para microondas e programar 2 minutos a máxima potencia. Deixar repousar 1 minuto.





## NAVEGANDO OPORTUNIDADES

Baixo o sol primaveral, un grupo de estudantes ansiosos de coñecementos, embarcouse nunha emocionante travesía cara á “III Mostra de Educación e Formación”, unha feira de univesidades e formacións profesionais. Coas mochilas cheas de soños e esperanzas, o balbordo do autobús reflectía a emoción dos alumnos por coñecer o que lles esperaba.

Ao chegar, recibíronnos cunha carpa azul repartíndonos mochilas e folletos co mapa de toda a instalación. Os *stands* decorados cos emblemas de prestixiosas institucións educativas semellaban promesas dun futuro brillante. Dende a Universidade de Santiago ata o curso de DJ, cada recuncho ofrecía un mundo de posibilidades.

Internámonos no labirinto de información, navegando entre folletos e conversacións con representantes de cada formación. Cada interacción era unha ventá cara a un futuro potencial: programas de intercambio internacional, formacións de estética, graos de educación, e clubs estudiantís que espertaban a nosa curiosidade.

Mentres explorabamos, descubrimos xemas ocultas: unha zona de xogos, un stand que nos ofrecía comida para comprobar o que se fai no seu curso, interaccións didácticas para poder conseguir premios e ata un helicóptero.

A medida que percorríamos os corredores, sorprendíanos a diversidade de opcións dispoñibles. Dende carreiras tradicionais como Medicina e Dereito ata campos emerxentes como intelixencia artificial e sustentabilidade ambiental, a feira era un conxunto de oportunidades para todos os intereses e habilidades.

Coa mañá chegando ao seu fin, regresamos ao autobús coas mans cheas de informacións recollidas en todos os folletos, cos corazóns cheos de inspiración e as mentes repletas de posibilidades. Esta feira foi máis ca unha simple excursión; foi unha viaxe de autodescubrimiento e visión de futuro.

**Julia Gómez e Paula Trota, 1º Bac D**

## Viaxe a Bilbo e Burgos

Do 18 ao 22 de marzo o alumnado de 1º de Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades tivemos a excursión de fin de curso a Bilbao e Burgos.

Visitamos moitos sitios, mais o primeiro por destacar foi o Guggenheim, un museo onde puidemos ver una variedade de exposicións de arte moderna e contemporánea e que adoita acoller exposicións temporais.



Fomos a Zumaia e demos un paseo en barco para coñecer o *Flysch*, que é unha especie de acantilados rochosos de orixe sedimentaria.

Cruzamos andando a ponte de Biscaia, que está a 60 metros de altura e ten 160 metros de longo. Trátase dunha ponte con barca transbordadora que une as dúas ribeiras da ría do Nervión en Biscaia.

En Atapuerca fixemos varios obradoiros con rochas, lume... e vimos algúns xacementos.

O xacemento paleontolóxico de Atapuerca é un dos máis importantes de Europa, e foi declarado Patrimonio da Humanidade. Nel atopáronse restos fósiles evidenciais da presenza de cinco especies de homínidos diferentes.

En Burgos entramos na cartuxa de Miraflores: un mosteiro formado por moitos monxes con regras moi estritas. Estando alí visitamos a catedral gótica de Burgos, onde se pode ver unha serie de elementos arquitectónicos impresionantes, como as agullas góticas, as vidreiras de cores vibrantes, as capelas decoradas con arte sacra, o retablo maior de Gil de Siloé e as tumbas de personaxes históricos como o Cid e Dona Sancha.

Á parte diso, vimos tamén: o Museo da Evolución Humana, dúas igrexas en Frómista, o Museo da Minería de Gallarta, a Alhóndiga, Zumaia, Guernika, o estadio de San Mamés, a vila Romana da Olmeda en Saldaña...

Foi unha excursión moi dinámica e divertida na que aproveitamos o tempo para ver todo o que visitamos e aínda así ter tempo libre.

**Claudia García, 1º Bac C**



## Reportaxe: Cantabria, Cabárceno e Atapuerca

Os alumnos de 1º de Bacharelato de Ciencias emprendemos unha viaxe cultural o 18 de marzo, na que gozamos das marabillas do noso país e enriquecemos as nosas mentes.

### **DÍA 1: Visita ao parque eólico da Farrapa e ás praias das Catedrais e La Griega.**

Despois de saír do noso IES, a primeira visita foi ao parque eólico da Farrapa, na provincia de Lugo. Neste lugar puidemos observar de cerca un aeroxerador e tamén tivemos a oportunidade de ver as caixas de control onde se supervisa todo o proceso de produción de enerxía.

Os aeroxeradores dispoñen de pas que, segundo a posición na que estean colocadas, poden deter o funcionamento ou iniciar a captación de enerxía eólica. Unha vez as pas do aeroxerador están en movemento, actívase o rotor, as revolucións aumentan mediante unha multiplicadora e toda esta enerxía é transmitida ata os transformadores. Mediante este proceso a enerxía chega a toda a rede eléctrica.



A seguinte parada foi na praia das Catedrais, situada en Ribadeo, nunha formación xeolóxica denominada Rasa Cantábrica. Cando chegamos a marea estaba alta, e tivemos que esperar para poder baixar a pasear entre as covas e arcos.

Estas formacións foron orixinadas pola erosión constante da marea, o vento e a acción dos movementos tectónicos sobre as rochas metamórficas do lugar. Existen tres tipos de rochas e as metamórficas son as que xorden pola alteración da composición mineral ou estrutural das rochas orixinais. Na praia das Catedrais aparecen principalmente lousa e cuarcita.



Finalmente, fixemos unha visita á praia La Griega, onde puidemos ver outro tipo de rochas: as sedimentarias. Ademais dunha ruta que percorre a totalidade da praia, puidemos observar de preto as icnitas, é dicir, as pegadas de dinosauro. Estas mostras proban que nese punto houbo unha lagoa pantanosa hai aproximadamente 150 millóns de anos.

Desta maneira puidemos observar tanto o molde das pegadas como o contramolde, ambos resultado de que a pegada fose recuberta por sedimentos no momento no que se produciu, durante o Xurásico.



## **DÍA 2: Visita guiada ás Covas del Soplao e visita a Cabárceno**

Ás 09:10 da mañá abandonamos o hotel en Cantabria rumbo ás Covas do Soplao, onde quedamos abraiados ao contemplar un auténtico paraíso da xeoloxía, cheo de estalactitas, estalagmitas, coadas, columnas, perlas de cavernas... En fin,, unha das grandes marabillas do interior terrestre. Fixemos o percorrido a pé e internámonos no corazón da cova axudándonos dun tren pequeno nunha parte do tramo. Para moitos de nós foi un sopro de aire fresco, axudándonos a despertar tras poucas horas de sono.



Á saída das covas agardábanos o autobús para ir rumbo a Cabárceno, o cal non é un zoolóxico convencional nin un parque nacional, senón que é un espazo naturalizado no que os animais viven en liberdade.

Percorremos máis de 20 quilómetros de estrada que sucun o parque no noso autobús, observando polas fiestras máis de 20 especies de animais e facendo paradas para observar con máis proximidade os osos, búfalos, vacas tudancas, gorilas (que se atopaban refuxiados do frío), xirafas, elefantes, tigres...

Fomos partícipes do espectáculo das aves rapaces e estivemos cara a cara con moitas variedades de réptiles. Montamos en teleférico para observar dende as alturas a estación dos osos, rinocerontes e elefantes, pero o tempo non acompañou a nosa estancia no parque, xa que non paraba de poallar e había moita néboa

## **DÍA 3: Visita a Atapuerca, CAREX e ao Museo da Evolución Humana**

Neste terceiro día visitamos o xacemento de Atapuerca, situado na Serra de Atapuerca, a uns quilómetros de distancia de Burgos. Grazas ás fantásticas explicacións da nosa guía, aprendemos que os xacementos foron descubertos despois de que se intentase construír na zona as vías para un ferrocarril, e que as primeiras escavacións tiveron lugar no 1964. Nós visitamos tres dos xacementos: a Gran Dolina, a Sima do Elefante e a Trincheira do Ferrocarril.

O primeiro, a Sima do Elefante, debe o seu nome a uns fósiles atribuídos falsamente a un elefante, sendo en realidade de rinoceronte. Nel atopáronse, ademais de restos fósiles de varias especies animais, unha mandíbula dunha especie de *Homo* non definida e numerosas ferramentas de sílex.

# Alén da cancela

## DÍA 4: Visita á fábrica da luz e regreso

A continuación, na Gran Dolina foron atopados restos do Homo antecessor, xunto a probas de que esta especie practicaba o canibalismo, aínda que se descoñece se era con membros da propia tribo ou de tribos rivais.

Finalmente, na Trincheira do Ferrocarril pódese observar o lugar empregado pola tribo para atrapar os animais e conseguir alimento, nun espazo no que tamén apareceron múltiples ferramentas de sílex.

Despois de ver os xacementos, desprazámonos ata CAREX, o Centro de Arqueoloxía Experimental, onde puidemos coñecer mediante diversas demostracións da nosa guía como os homínidos de Atapuerca fabricaban ferramentas, cazaban, pintaban ou mesmo como preparaban lume.

Por último, xa na cidade de Burgos, visitamos o Museo da Evolución Humana. Este lugar conta con diversas exposicións que van dende os distintos xacementos da serra, ás especies animais descubertas, reconstrucións de todas as especies de homínidos ou mesmo os cranios reais descubertos en Atapuerca. Por outra banda, atopamos unha exposición nova cun esqueleto real de mamut, e unha reconstrución do cerebro humano e o papel de Santiago Ramón y Cajal no coñecemento do sistema nervioso e as neuronas.

Xa no tempo libre que restaba do día, tivemos a oportunidade de ver a catedral de Burgos, de estilo gótico.

A última visita da nosa viaxe foi a fábrica da luz e museo da enerxía de Ponferrada. Durante o percorrido descubrimos como se producía a electricidade a partir do carbón a principios do século pasado. Internámonos na sociedade daquela época: como traballaban, como eran as súas vidas e como a utilización do carbón foi o motor do cambio da nosa sociedade.

Xantamos preto do castelo en Ponferrada, fixemos unha pequena parada en Ourense e chegamos a Vigo ás 19:55 h, onde as nosas familias nos estaban esperando.

En conclusión, chegamos moi cansos polos quilómetros percorridos e por todas as visitas que fixemos, pero o resultado foi óptimo e as nosas mentes nutríronse de ciencia.

**Cristina Núñez e Noa Souto,  
1º Bacharelato A**





# Respeto Saltor

## Recuncho EDLC

Este ano, dende o EDLC do centro participamos na campaña **#aquítaménsefala**, unha iniciativa de dinamización lingüística da mocidade estudantil, con accións directas nos barrios e na contorna inmediata do alumnado. Este proxecto comezou no IES Rafael Dieste da Coruña, e rapidamente se estendeu por centros de todo o país, que o acolleamos con alegría e ilusión.

Compartimos agora tan só unha pequena escolma dalgunhas das imaxes que nos fixeron chegar estudantes que participaron na campaña e que encheron Vigo cunha mensaxe ben clara: **AQUÍ TAMÉN SE FALA GALEGO!**



Lía Ferreira, 3ºB.  
Perruquería B&B



Alicia Muñoz, 3ºB.  
A pelu do can



Martín Álvarez, 4ºA.  
Farmacia Los Volcanes



Laura Valverde, 1º Bac E.  
Más que guitarra



Naiala Valverde, 1º Bac A.  
Panadaría Barrio do cura



Javi Pardo, 1º Bac E.  
La cueva

## No IES Alexandre Bóveda tamén se fala galego!

Elena Guisande Basalo  
2º Bac D

A partir da miña participación na iniciativa cultural e de dinamización lingüística “AQUÍ TAMÉN SE FALA GALEGO” vivín diferentes experiencias á hora de presentar o proxecto en varios comercios, algunhas positivas e outras non tanto, polo que vou facer unha recompilación sobre o sucedido.

Os locais que tiveron reaccións a favor, recibiron o proxecto con interese, preguntando para saber máis sobre el e reflexionando sobre o importante que son iniciativas coma esta, sobre todo en cidades como Vigo nas que se está a perder moito o uso do galego.

En cambio, nos que reaccionaron negativamente, puiden observar que tiñan na súa actitude unha chea de prexuízos que dan unha imaxe distorsionada dunha suposta Galiza que non fala galego. Ou de que no mundo da empresa non se utiliza, nin nos barrios, nin nas vilas... prexuízos cos que tenta acabar este proxecto.

Antes de comezar paréceme adecuado falar un pouco sobre que son os prexuízos. Os prexuízos son preferencias ou rexeitamentos que sentimos por unha cousa ou por unha idea antes de coñecela. Os prexuízos lingüísticos son as preferencias ou rexeitamentos que sentimos cara a fonemas, palabras ou linguas enteiras, e por extensión cara aos seus falantes. A función máis importante destes é o uso que se fai deles para manter e xustificar a superioridade dun grupo sobre outro.

A sociedade galega sufriu durante séculos unha situación que propiciou o asentamento dun sentimento de inferioridade e de autodio a raíz dos prexuízos e valoracións negativas sobre o idioma, que teñen como consecuencia última o incremento dun concepto negativo, individual e colectivo.

As situacións de bilingüismo diglósico e conflito lingüístico están estreitamente relacionadas cos prexuízos lingüísticos. Os estereotipos (incultura, rudeza...) que as clases dominantes adoitan atribuír ás clases populares transmítense a través da escola, a prensa... As clases populares, moitas veces, acaban por asumilos como verdadeiros. Estas visións negativas lévanse das persoas ás linguas e orixinan prexuízos lingüísticos.





Por exemplo, en varios dos locais ós que fun recibín respostas deste tipo:

1. "Yo no quiero poner un folleto así, yo no necesito hablar gallego para que me entiendan".
2. "Yo no entiendo esta necesidad de obligar a hablar gallego, que es que ahora hasta en los documentos oficiales, si todos sabemos castellano, para que utilizar el gallego si eso ya no se habla en Vigo".
3. "A mí estas cosas ni me van ni me vienen, yo solo hablo castellano".
4. "Yo no voy a obligar a nadie a hablar gallego, además eso es algo de la aldea".
5. "A mí no me interesan esas cosas tan radicales, de hecho no entiendo porque os obligan a hablar gallego en las escuelas. Al fin y al cabo de poco te sirve, como mucho para el pueblo, pero es que ni eso, porque el castellano lo entienden".

Podemos observar en 1, 2, 4 e 5, casos que ven o galego como unha suposta imposición. Resultoume impactante a cantidade de persoas que o vían así. Ademais de explicarlles que esta iniciativa non pretendía obrigar a ninguén a falalo, tan só incentivar ó seu uso, moitos deles mostraron un total rexeitamento. Algúns dicíanme que eles non eran de aquí e que non o sabían falar, e outros a pesar de recoñecer que o sabían falar pensaban que o castelán como lingua principal facilitaba a comunicación entre uns e outros e que se estamos en España haberá que usar o seu idioma oficial.

Porén, estas persoas non tiñan en conta que estamos en Galicia e que ademais do castelán temos como lingua oficial o galego. A pesar de que llelo intentei explicar, moitos non consideraban o galego como lingua como tal, dando lugar así a outro prexuízo. Aínda que ben se sabe que a nosa lingua xa está estandarizada coas súas normas gramáticas e institucións tales como a Real Academia Galega, moitos seguen sen considerala unha lingua oficial en igualdade de condicións.

No caso 5 tamén observamos prexuízos como a asociación do galego co atraso e o rural, como lingua non apta para a cidade ou o comercio. Está presente, así mesmo, a idea de que o galego non é útil fóra de Galicia. Non obstante, se reflexionamos sobre a situación lingüística da maioría de países, mesmo de Europa, vemos claramente o paralelismo. Por poñer un exemplo calquera, en Noruega teñen o seu propio idioma, o noruegués, e aínda que só se empregue dentro das súas fronteiras, ninguén pensa en deixar de falalo por iso. Alén do máis, considero persoalmente que o galego nos abre moitas portas á hora de aprender outros idiomas, como pode ser o portugués.

Como conclusión á experiencia neste proxecto podo dicir que me axudou a concienciar sobre esta chea de prexuízos, estereotipos e conviccións sobre o idioma que seguen estando presentes hoxe. Xa era consciente da situación, porén, non me decatara da gran presenza destes e, sobre todo, na miña propia cidade. Grazas a isto entendín a importancia de iniciativas coma esta para concienciar un pouco máis a mocidade da realidade á que nos enfrontamos no presente e así comenzar a formularnos que futuro queremos para a nosa lingua.

# Letras Galegas 2024

## LUÍSA VILLALTA

**Isto é poesía, un ruído provocado.**

**Non ornamento, arabesco para as pontas dos dedos:**

**inecesários encaixes para a alma dormir ou sentir  
a levedeza da onda cando apenas chega a romper.**

**Provocación de boca con fame, isto.**

**E a fame adormece ou reclama.**

**Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel do mundo:**

**un tambor que desperta. A pel estremece-se  
porque reconece a morte que baila fóra da tumba.**

**Isto é tamén unha muller que resiste**

**(En concreto, 2004)**

O rito da palabra galega tensou a pel da nosa Galiza este 17 de maio de 2024, como o leva facendo dende 1963, cando os académicos Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron por primeira vez ante a Real Academia Galega que este día fose reservado para conmemorar “o latexo material da actividade intelectual galega”.

Este ano toda Galiza latexou polo recordo da poeta, violinista e sobre todo profesora Luísa Villalta, que non só forma unha parte involuble do patrimonio material galego coa súa ampla obra, senón que o recordo do son do seu violino perdura como parte do patrimonio inmaterial da Galiza que ela amaba.

Luísa Villalta cultivou tanto poesía como narrativa, ensaio, teatro e incluso tradución, mais a súa faceta creativa non se limitaba só á escrita. Luísa cría que a música e a escrita ían da man e esa crenza foi o seu selo de identidade creativa. Temos numerosas mostras desa convicción ao longo da súa obra, *Concerto para un home só*, *Silencio*, *Ensaíamos* e *Música reservada* son uns poucos exemplos, sen ignorar o ensaio dedicado a este tema *O outro lado da música, a poesía: relación entre ambas partes na historia da literatura galega*.

Villalta foi tamén unha muller que resistiu, resistiu a ficar calada ante as inxustizas do seu tempo, era común vela en primeira liña de batalla nas causas que ela consideraba xustas. Foi unha muller comprometida coa súa época e sociedade e a súa faceta social é tan digna de admiración coma a súa obra escrita.

Luísa Villalta, á parte de escritora, foi profesora, o ensino era a súa máxima vocación e podo atreverme a dicir que ela foi ese tipo de profesora que queda contigo moito despois de deixar a súa aula. As ensinanzas que lles brindou aos alumnos que quixeron aprender dela máis alá da súa materia de lingua galega fican aínda nos seus corazóns e recórdannos unha vez máis que o recordo dun vive moito máis no corazón das persoas que coñecemos que nos obxectos que deixamos atrás.

O ruído provocado de Luísa Villalta rememórase este ano para facernos reflexionar sobre a importancia da poesía, a música e a lingua.



Relatos gañadores do  
II Certame de microrrelatos de terror

## QUEN DIXO MEDO!

Categoría 1º e 2º ESO

Julia Rodríguez Pequeno

### O PAXARO AITANASESINA

Aquela tarde de outono, só nos atopabamos os paxaros, as árbores, as follas marróns e eu. Xa estaba cansa, camiñara sete quilómetros, sentei nun banco e observei os paxaros; entón vin un diferente, tiña os ollos vermellos. De súpeto, decatouse de que o estaba mirando. Achegouse a min. Picoume. O paxaro saíu voando e perseguino. Notei que a miña pel palidecía e me atopaba débil, pero continuei a miña persecución. Vin que o paxaro entraba nuns baños públicos. Abrín a porta e só estaba el. Pecheina e agardei ata que un home saíu de alí. Entón decateime! Tiña os ollos vermellos!

Abrín de novo a porta e o baño estaba baleiro. Sentín unha man no meu ombreiro. Vireime. Era o home, pero non un calquera, era un vampiro! Mordeume. Agora o vampiro son eu.

Preguntarédesevos: os vampiros non se convierten en morcegos?

Pois non, convertémonos en paxaros.



Categoría 3° e 4° ESO  
André Martínez Iglesias,

# A CURIOSIDADE TEN PREZO

JONES TORRENTE

A moza Rosaura saía do seu apartamento coa predisposición de botar a camiñar sen rumbo fixo, mais os seus pasos frearon en seco cando mirou de esguello un home encarapuchado asomado a unha porta nunha calella. Impulsada pola curiosidade, decidiu botar unha ollada.

Tras a porta atopou un escenario perturbador: centos de pequenas richas no chan, formando unha estrela, cunha carapucha ensanguentada no centro.

Rosaura arrepiouse; suor fría, terror inimaxinable. Incontables pensamentos percorrían a súa mente, lentamente sentía como o medo a devoraba. Paralizada, non se decatou da figura estraña ás súas costas... Subitamente, Rosaura perdeu o coñecemento e todo se tornou escuro.



**Categoría Bacharelato**  
Alicia Fernández Lorenzo

## CONTIGO ATA A FIN DO MUNDO VAGALUME


Medo. Sinto moito medo sempre que me decato da túa inconfundíbel presenza e interrompes o que estou a facer. Nomeas o meu nome en voz baixa, o máis preto posíbel do meu ouvido para que só eu poida comprendelo e ninguén se decate das túas horribles palabras, capaces de producirme máis dun arrepío neses intres. Recordo aquela vez que me separaches para sempre dos meus, disque porque non me comprendían igual ca ti. Ninguén se preocupaba tanto por min.

Nunca dixen que quixese estar contigo, xamais pensei que me seguirías alá onde fose. Non respectaches a distancia que che esixín cando nos coñecemos.

Ao final, deime conta de que nós non podemos estar separadas, pois estamos feitas unha para a outra. Ti es coma un imán do cal non podo escapar, nin sequera da miña morte, que ti mesma provocaches. Querida Esquizofrenia, contigo ata a fin do mundo.

**Categoría Bacharelato**

Sandra Caamaño Tubío



## XURXO RODRÍGUEZ

Chámome Xurxo, teño 23 anos. Estou a perder a memoria, por iso escribo todos os días este diario. Vivo só, os meus pais están ámbolos dous mortos, un por accidente de coche e o outro por depresión e o meu irmán morreu con 12 anos. Non sei que me pasa, pero estou a ter perdas de memoria, momentos nos que non sei que fixen, baleiros na mente. Chámome Xurxo, teño 23 anos. Diario. Baleiros. Chámome Xurxo... Xurxo. XURXO. Espera, quen é Xurxo? Xavi. Son Xavi, teño 12 anos. Son un espírito. Son o irmán de Xurxo, posúoo e cóntolle cousas da nosa familia. Nunca me cre. O malo de falar con el é que pronto morrerá, entolecido. Pero polo menos estará a familia completa. Vémonos entre os mortos...

Chámome Xurxo e teño 23 anos... Que acaba de pasar? Non, outra vez non. Xavi? Xanonpodomáis.

XANONPODO MÁIS. Máis...





**Categoría Bacharelato**

Victoria Suárez Santos

## CUARTO BRANCO

### TOYA

O cuarto branco estendíase ante min, unha prisión punzante de pureza e desesperación. Eu no seu centro coas miñas extremidades retortas e laceradas que apenas respondían. O chan estaba salpicado co meu propio sangue. A pureza do branco nas paredes cegábame, acentuando a agonía do meu esnaquizado ser.

Mentres unha sombra insidiosa e errante sen conciencia se alzaba nas esquinas que semellaban abismos, burlándose da miña inmovilidade e gozando da grotesca escena que ela mesma creara.

Mireina aos ollos, e deime conta de que eu estaba aí ante a miña propia vontade, que eu mesma me encerrara no seu perverso mundo branco como consecuencia da miña propia consciente ignorancia. Mergulleime de cabeza no abismo, mentres ela retrocedía, en reversa, evitando o encontro. Pero o meu insaciable desexo perdurou e accedín a un lugar que non me correspondía. E agora, só a brancura como única testemuña da miña estolidez.

# SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

POEMAS PREMIADOS NA EDICIÓN 2023-2024

## Categoría 1º e 2º da ESO

Tsedey Viejo Hermida, 2º ESO D  
"A escola"



Na aula o reloxo vai lento,  
as horas parecen eternas.  
En cada segundo que pasa  
podo notar notar o vento que pasa polas miñas pernas.

As matemáticas son un reto,  
cos seus números e ecuacións.  
Pero cando consigo entendelas  
convértense na miña paixón.

O recreo é o meu momento,  
risas e xogos sen parar.  
Amigos, o mellor invento,  
non hai mellores persoas coas que estar.

Na clase tranquila penso e soño  
coas leccións e deberes, o tempo abroio.  
A xanela ao futuro aberta está,  
mostrándome un camiño que hei de andar.

Letras e números, compañeiros de viaxe,  
guiándome por sendas de coñecemento e coraxe.  
Entre ciencias e letras, a miña mente voa,  
e en cada descubrimento, a curiosidade asoma.



## Categoría 3º e 4º da ESO

Óscar Pérez Chorén, 4º ESO A  
"Naquel tempo, nestes tempos"

Nunha escola afastada, nun tempo de vento e mar,  
había un rapaz pequeno, co cabelo a ondear.  
Entre risas e burlas, o seu día transcorría,  
o acoso facíalle sombra, a súa alma fería.

Baixo o sol brillante, el camiñaba só,  
co peso dos insultos, e no corazón un nó.  
pero no seu ser, había forza e valor,  
pois ser diferente, non era un erro maior.



Tiña o pelo longo, como fíos de sol,  
e ser espido e forte, non era o seu rol.  
Cada risa cruel, cada ollo de desdén,  
eran pedras no camiño, que el recollía tamén.

Pero na súa mente, había unha luz a brillar,  
unha esperanza ardente, por fin poder voar.  
Porque ser diferente, non era maldición,  
e el tiña unha voz, unha singular canción.

No seu universo, a beleza non tiña medida,  
e o amor propio era a súa mellor guarida.  
Con valentía e orgullo, erguíase cada día,  
contra o vento do asedio, el loitaba e resistía.

As súas verbas eran versos, de forza e dignidade,  
e a súa presenza, unha oda á diversidade.  
Porque no seu ser, había unha fermosa esencia,  
pero a risa cruel e a burla, sempre facían presenza.

Así que aquí está o poema, unha oda á diferenza,  
unha loita contra o abuso, unha voz de resistencia.  
Que cada rapaz e rapaza se erga con fervor,  
porque ser diferente é un don non un temor.

### **Categoría Bacharelato**

Victoria Suárez Santos, 1º Bacharelato D  
"Sacrificio á Deusa"

Outra vez centos de ollos sobre min para mirarme,  
outra vez son ancla da narrativa, voz lírica e firme,  
outra vez son o epicentro do tremor,  
sol no seu cénit, na cúspide da pirámide o seu fulgor.  
E sei que soa arrogante, nunca dixen que non o fora,  
mais as espiñas de Xerusalén asfixian calquera intento de idea racional

Xa non teño consolo,  
Hoxe recei un chisco,  
os meus descubertos xeonllos  
contra a pedra sucia e gastada.

Con algunha triste balada  
portuguesa dun poeirento vinilo  
deses que cheiran a esquecido,  
pechado, bos tempos e viño.

Onde a escuridade abrumadora pesa,  
Loita contra o meu destino, nunha encrucillada eterna.  
Morrerei na praza das Tres Culturas ou na de Tiananmen, por ti,  
e sen emoción, admirarei as novas almas ao meu redor fuxir da vida terreal, que  
tan maltratados eran por esta.

Ou se non, pois, pode que o meu destino sexa trágico,  
como Kristin Smart, sempre en perigo.  
Porque sei a quen escondes baixo o teu abrigo de pele de roxelo,  
máis no te deterei, as tres vellas fiandeiras tecen o meu destino, e non lles temo.

Maldigo a Cloto por ter a crueza de comezar a fiarme cruel,  
e a Láquesis por permitir que o fío branco, e non o seu oposto, enleace no carretel  
Só espero que a vella Átropos corte o fío coas áureas tesoiras da divindade,  
e que a morte chegue pronto, liberando a miña sorte.

Ameazareite coa palabra, coa idea, co brillo,  
quizais xa perdido, sen medo, nun camiño de ruína.  
O que máis temes, cegada na mentira e libertinaxe.  
Podería afogarte no Lete agora mesmo,  
e non lembrarías nas nosas noites, o meu resplandor máis salvaxe.

Mais no final,

Xurei e rompín baixo o nome de Estixia,  
xa non hai máis para min que aceptar o destino.  
Baixo os máis gloriosos astros finalmente chegou.  
Así que, sempre estivo prescrito. Estás fronte a min, sen disfrace,  
daga en man, gañaches.

Xa ninguén me mira, xa non son o centro de nada.  
Polo menos sigo sendo eu, ti es alguén máis.  
Non morrín gloriosamente pola liberdade,  
non morrín na incógnita por ti, creando conmoción en nacións.  
Fallei na tarefa máis sinxela, e o meu sacrificio  
levarás a cabo ao fin. E desta forma, ti tes a coroa de novo.

Dixeches que a bondade e a misericordia  
me acompañarían todos os días da miña existencia,  
mentíchesme outra vez.  
Son o teu sacrificio pra os deuses,  
para salvar a humanidade, pero  
como pretendes salvala da súa propia sombra?

Polo menos, sei que te ameí,  
e ti, en retorno, amáchesme aínda aprisionada na túa propia mentira,  
na que segues perdida nun labirinto sen saída.  
Fomos felices na danza máis salvaxe,  
no fulgor dunha unión ardente e mortal.



# Toloscontoseurtos

Relatos premiados na edición 2023-  
2024

## Categoría 1º e 2º da ESO

Ricardo José Castro Davila, 2º ESO C  
"Historias dun vello"

Esperto, íspome. Xa comeza o día de novo. Prepárome para baixar ao can, pero antes de todo, acórdome de mandar unha carta ao meu neto, que está a vivir co seus pais por Alaska. Eu vivo en Ontario, especificamente arredor de Halton Hills. É un sitio tranquilo, sen o barullo habitual da cidade. Xa lle mandei unha carta. Non me acordo moito da súa cara, e ata estou empezando a esquecer o seu nome. Díxenlle que o estrañaba, e que quería que volvесе visitar algún día. Vou saír a comer a un restaurante hoxe. Teño unha moi boa sensación.

Despois de comer, creo que vou pasear o can, ao meu can Rocker. É un *rottweiler* moi bonito, negro de corpo enteiro, con algunhas listas marróns que parecen coma se un bote de pintura marrón caera na súa cabeza. É un can activo, sempre está comigo e protéxeme. Quéroo case como ao meu neto.

Paseeino, e agora creo que vou ir ao teatro. Sempre teñen actos moi gratos, ou tristes. Algúns actos lémbrenme algunhas vivencias que tiven. Ás veces, fanme chorar un pouco. Ás veces lémbrenme ao meu neto. Ás veces lémbrenme a min. Pero a obra de hoxe estivo ben. Creo que incorporaba un pato maior, e outro pato que parecía ser un pouco menor ca el. O pato máis grande estaba dándolle de comer, pero o menor non quería. O menor non quería. O menor non quería. O menor escapou do maior. Deixouno só, ao parecer.

A obra terminou. Todos aplaudiron. Un home ao meu lado dereito dixo "Un bo acto sobre a Idade Media!" Quedei confundido. Esa non era a obra que vira eu. Non era. Non era. Non podía ser. Marchei. Recollín ao meu can. Fun á casa. Estiven pensando moito.

Xa era hora de durmir, ou acercábase. Prepareime. Quitei a roupa de paseo. Chorei. Estrañei. Pero xa era a hora de ir durmir dunha vez por todas. O meu can xa estaba durmindo. Era hora de preparar a cea.

Preparei a cea. Estaba fría, como sempre, basicamente. Estaba ben. Leite con galletas. Debo dicir que a dozura do leite xunto co sabor das galletas foi unha mestura moi boa. Acabei a cea. Fun durmir.

Teño que ser honesto. Extraño o meu neto demasiado. Estiven pensando nel todo este tempo desde que comecei a escribir este diario que me mandou escribir o meu doutor. Non sei que facer, simplemente o estraño.

Pola mañá recibín unha moi boa carta. Teño que explicarche todo. Era unha carta do meu neto, dicindo que tamén me estrañaba, e que ía vir de visita mañá co meu fillo e a súa muller. Non podo describir como de feliz estaba. Agora, vou esperar. Espero. Espero. Espero. Espero.

Esperto, íspome. Xa comeza o día de novo. Prepárome para baixar o can, pero antes, teño que dicir ola a meu neto, e teño que invitalo a baixar a Rocker comigo. El acepta. Doulle un abrazo firme, pero cariñoso.

**Categoría 3º e 4º da ESO**

Mateo Allo Fernández, 3º ESO B

“Amor e arrepentimento”

Ana camiñaba polas rúas estreitas da aldea, o sol estaba poñéndose no horizonte, pintando o ceo dunha paleta de cores ardentes. Tiña vinte e un anos, cabelo escuro e ollos profundos como pozos de melancolía.

Na súa casa de pedra reinaba unha atmosfera tensa. O seu pai, Marcos, un home robusto e autoritario, gobernaba con man de ferro. A súa nai, María, unha muller apagada, movíase pola casa con coidado, temendo perturbar a paz fráxil que Marcos establecera.

Ana nunca encaixara coas expectativas do seu pai. Non era a filla submisa que el desexaba. Tiña unha chispa rebelde que ardía no seu interior, un desexo de liberdade que non podía ser apagado. E, ademais, tiña a Raquel, a súa amada. Raquel era o raio de sol que iluminaba a súa escura vida. A súa relación, tan pura e sincera como o amor que compartían, era o máis prezado de Ana.

—Ana, tes que parar coa túa insensatez! Non podes seguir así, desafiando todo o mundo! —Espetou Marcos nunha noite tormentosa, os seus ollos emanando ira.

—Pai, por que non podes aceptarme tal como son? Non escollín amar a Raquel, foi algo que naceu de dentro de min, algo que non podo negar! —replicou Ana, a súa voz entrecortándose pola dor.

—Non comprenderás nunca nada! Esa é unha desviada e estás a deixar que te leve pola senda do pecado! —gritou Marcos, apertando con cada vez máis forza os seus puños.

—Raquel é a persoa que máis quero neste mundo. Non podo vivir sen ela, nin podo negar o que sinto. E se iso significa sufrir a túa ira, entón así será, pero non deixarei que nos separe. Dá igual o que fagas.


—Non podes seguir así, Ana. Non sei que farei contigo, pero isto non pode continuar!

—Non nos podemos separar, non entendes?! Estamos destinadas a estar xuntas!

—Cala, non sabes o que dis, maldita pecadora! —bradou Marcos, golpeando co seu puño a mesa con forza.

O aire no cuarto volveuse tenso, Ana retrocedeu un paso, o seu corazón foi elevando o ritmo, mentres o seu pai avanzaba cara a ela con pasos cada vez máis pesados. Marcos alzou o seu puño e descargou un golpe brutal contra o rostro da súa filla.

O impacto resoou no cuarto, Ana cambaleouse, golpeou a cabeza contra a esquina dunha mesa, e morreu no acto.





Ana caeu ao chan, e Marcos quedou paralizado, sen saber que facer. As súas mans tremían, agora baleiras de forza e propósito.

—Ana... —murmurou Marcos, o seu rostro pálido e lívido, ao decatarse do que acaba de facer.

As lágrimas empaparon os seus ollos, e unha vagada de pensamentos de arrepentimento e claridade atravesou a escuridade da súa mente. Marcos viu a brutalidade dos seus actos cunha claridade cruel e lancinante.

Dous días despois, Marcos, consumido polo remorso, entregouse á policía.

### **Categoría Bacharelato**

Marta Rodríguez, 1º Bacharelato D  
“Despois da noite”

Sentei ao carón da fiestra. As pingas percutían nos cristais con xentileza, coma se me pedisen permiso.

Durante un momento as pingas, eu e o cristal que mediaba entre nós eramos o único. O momento rematou cando me levantei a por un café con leite. Mais a paz que aquelas pingas, que case parecían agasallos, infundiron en min, durou toda a mañá. Todos e cada un dos elementos que me acompañaron durante aquelas horas levaban intrínseco un sentimento de alivio. Ou eu me sentía aliviada e quixen darlles esa connotación.

A noite rematara.

Co café tomei o ansiolítico. Para moitas persoas da miña idade é case impensable buscar axuda dese tipo, mais deu a casualidade de que escoitei a conversa da miña neta cunha amiga, e decidín dar o paso. Bendita casualidade. Porén, os efectos das pastillas parecían aferrarse con forza aos raios de sol, para paulatinamente perder a súa nitidez á vez que estes escorregaban do ceo. Entón viña a noite.

Aquela noite, el volvía morrer. E revivía, mil e unha veces, ata deixarme no desespero. Aquela noite, eu era vella. Vella, vella, vella. Coma el. As miñas engurras eran máis profundas. O meu corazón, máis feble. Ía morrer. Aquela noite soaba "Eleanor Rigby" dos Beatles. "Oh, look at all the lonely people". Mira toda a xente soa. Mírame a min. Viúva. Sen ninguén que visite. Consumida polo pensamento do meu marido, polo frío alento da morte que sentía na caluga dende a súa pacífica partida: un sono que nunca rematou.

Despois daquela noite non había nada. Se durmía, ía morrer coma el. Ía morrer. Ía morrer.

Mais hoxe as pingas percutiron nos cristais con xentileza, coma se me pedisen permiso. Coma se me pedisen perdón.

Hoxe é o día despois da noite.

### Entrevista a Patricia Lamoso

Martina Pinal e Marcos Álvarez, 2º Bacharelato B

Patricia Lamoso, actual xefa de estudos e docente de 2º Bacharelato, tivo clara dende sempre a súa paixón polas linguas e o seu futuro como filóloga. O percorrido pola entrevista amosaranos estes e outros aspectos máis íntimos da súa vida.

Comezamos a entrevista preguntándolle sobre as razóns polas que decidiu ser profesora. Ela non o tiña claro nun primeiro momento pero sabía que estudaría algunha filoloxía, porque a apaixonan as linguas, tanto as vivas como as mortas. Finalmente elixiu Filoloxía Galega, aínda que non ten claro se foi cousa de compromiso ou non .

En canto á carreira, ela comezou estudando en Pontevedra os dous primeiros anos na facultade de maxisterio debido a circunstancias especiais, xa que a súa fora a primeira promoción na universidade de Vigo. Comentou que non había un ambiente universitario típico e que os últimos dous anos conseguiron poder atender ás clases en Vigo. A súa experiencia foi positiva, incluso mantén amizades desa época e unha das súas mellores amigas estudou con ela.

Ela tiña claro que non quería ser docente nun centro de primaria, xa que comentou que non se entenden os nenos e ela e que adoita manter unha boa relación cos adolescentes.

Tamén nos falou sobre o proceso das oposicións e que é duro, exige ser constante e disciplinado e que conseguiu sacalas finalmente.

Os seus autores favoritos en lingua galega son Xavier Alcalá, porque foi un autor que a marcou coa obra *A nosa cinza*. De poesía gústalle Olga Nova e de teatro admite que está ampliando os seus coñecementos grazas á docencia. Gústalle tamén os libros de Leticia Costas, malia que só aqueles para adultos.

Despois de cinco anos dando clase de maneira oficial, pero só sabe ela cantos con outras cousiñas na universidade e de particular, ten claro que o que máis lle gusta é estar dentro da aula, impartir a lección “unha vez que se pecha a porta”. Podería resaltar incluso os primeiros cursos da ESO por seren máis participativos, receptivos e agarimosos.

Pero fóra da aula, se hai algo que lle gusta facer tamén é viaxar, aínda que lle tivera gustado facelo máis a miúdo. Estivo en Noruega, cos fiordos aínda presentes na memoria; en Nova York, que describiu coma “un verdadeiro escenario de película”, e en Cuba, destacando a Habana coa estancia na casa dun neto de Fidel Castro. Pero nós preguntámoslle en especial por unha viaxe da que xa falara en clase, a República Dominicana percorrida de “mochileo”. Leva desa experiencia un contacto diferente coa xente, unhas paisaxes abraiantes e a vivencia dunha tormenta tropical en vivo e en directo.



## Entrevista con María Lagos

Laura Soriano, Lorena Alonso e Lucía Vázquez, 1º Bacharelato E

María Mercedes Lagos Suárez-Llanos comezou a súa vida en Vigo hai máis de sesenta anos e cre na súa vocación docente. As sorpresas son unha constante na entrevista: intereses musicais e literarios, anécdotas ou reflexións educativas.

**Cal é o teu nome completo?** María Lagos Suárez-Llanos.

**Idade agora mesmo?** 63.

**Signo zodiacal?** Virgo.

**Onde naciches?** En Vigo.

**Agora, profundicemos un pouco, e falemos dos teus intereses persoais. Cales son as túas afeccións?** La jardinería y la lectura.

**Cal é o teu xénero musical favorito? E o teu cantante ou grupo favorito?** Me chifla la ópera de Wagner y me gustan algunas cosas de la música moderna, pero soy negada. Tengo una hermana que es especialista y cuando las oye, digo, oh! qué bien! y me las pasa. Mi grupo favorito es Rammstein, es heavy metal. Y canción favorita, París.

**Cal é o teu libro favorito?** Oh, pues qué difícil, mi libro favorito! Porque hay tantos, tantos libros que me chiflaron... Pero un libro que me impactó y me pareció impresionante es *Los últimos días del Musa Dagh*, de un escritor austriaco, judío, que se apellida Werfel. Habla del genocidio armenio, uno de los muchos genocidios olvidados.

**Cal é o logro do que te sentes máis orgullosa?** Uf... sinceramente no sé, creo que soy una buena profesora, aunque últimamente me siento un poquito deprimida, dado el número de suspensos que tengo... Pero bueno, creo que sí, que he encontrado mi vocación y estoy contenta con mi trabajo.

**Se por algo es coñecida no instituto é por ser profesora de lingua castelá, así que pasemos a algunhas preguntas relacionadas con isto. Cal é o teu nivel favorito para impartir clases?**

2º de bachillerato.

**Cal é a parte do temario de lingua castelá que máis disfrutas ensinar?**

La sintaxis.

**Poderías compartir un exemplo dun alumno que te inspirase ou que destacase dalgunha maneira na túa experiencia como profesora?**

Hace un montón de años cuando tenía la plaza en Pontevedra en el Torrente Ballester, tenía un alumno llamado Juan que siempre me estaba picando, era un alumno de COU y era muy bueno en lengua y entonces decía: "Profe, eso no está bien, ¿aquí no crees que es tal...?". Eso es una cosa buenísima para un profesor, tener alumnos que te digan: "Oye, que eso no está bien", porque a veces si tú vas bajando el nivel y te vas acomodando porque tus alumnos son malos, llega un momento que te acabas acomodando, y no, necesitas alumnos que te estimulen, que te pinchen y que te obliguen a estar siempre en forma.

**Para iso mellor a universidade, non?** No, desgraciadamente pienso que no, el otro día lo comentaba una compañera de física que está trabajando ahora allí dando el grado ese supercelulítico de matemáticas. Dice que tiene alumnos en clase con el móvil mientras ella explica y eso es para que se te caiga el alma a los pies.

**Cal foi a túa mellor experiencia sendo profesora? E a peor?**

Mi mejor experiencia fue el primer año que pude dar lengua española, porque yo al principio di dos años gallego, sin saber hablar gallego, entonces lo recuerdo con odio. Pero en el primer año que di lengua castellana me dieron provisionalmente el Sánchez Cantón y el departamento de lengua de allí era muy mayor y muy carca. Pero yo conocía a un profesor del Valle Inclán y me invitó a asistir a las reuniones de departamento del Valle Inclán y eso lo recuerdo como una experiencia fantástica, el mejor profesor de lengua que conocí nunca. Se llama Eduardo Cid y lo llamaban “El Cid cateador”, fue una experiencia estupenda, me encantó.

Mi peor experiencia, que fue culpa mía, en mis años en A Cañiza, estuve 8 años dando a tercero de la ESO, creí morir.

**Moitas grazas por tomar o tempo de responder as nosas preguntas e compartir co instituto un pouco máis sobre ti.**

## Entrevista con José Luís Varela

Valentina Braña e Mara Garcés, 1º Bacharelato

Entrevistamos a Jose Luis Varela, profesor de plástica e debuxo técnico que leva xa bastantes anos impartindo clase no noso instituto. É, á súa vez, un arquitecto que colaborou na exposición “Antonio Palacios. El rumor de la historia, el ruido del tiempo”, exposta temporalmente no Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid e no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (A Coruña).

**En que consiste a exposición que fixeches?** A exposición chámase “El rumor de la historia, el ruido del tiempo” porque Antonio Palacios é un arquitecto do Porriño que nace en 1874 e morre en 1945, é un arquitecto que vive a parte da historia da arquitectura que é máis academicista, e xa no final da súa vida, a época moderna. A exposición son todo planos e debuxos orixinais, debuxados á man con tinta e lapis, e teñen moito valor, sobre todo porque daquela nas escolas de arquitectura traballábase moitísimo o debuxo.



**Cal foi o teu papel na exposición? Como se organizou?** Houbo que buscar os debuxos, houbo máis de cincuenta persoas e entidades que prestaron debuxos, e tivemos que ordenalos e clasificalos e despois escribir un catálogo, é dicir, uns textos explicando toda a exposición. E o mesmo coas fotografías antigas, tamén incluídas na exposición.

**Como foi o recibimento por parte do público?** Pois, a exposición en principio ía estar dous meses no COAM (Colegio de Arquitectos de Madrid), e ao final prorrogouse dous meses máis, estivo de setembro ata febreiro; e despois itinerou ata a cidade da Coruña, estivo durante un mes e pico na sala de exposicións de PALEXCO.

**Agora cambiando de tema, sobre o teu traballo como profesor. En primeiro lugar, cantos anos levas dando clases neste centro?** Máis de quince anos, desde 2007.

**Que destacarías da túa etapa como director (2015-2017)?** Foi unha das épocas nas que tivemos máis alumnos, case 900. A parte máis crítica, da que probablemente o alumnado non se “enterou” moito, foi que a inspección educativa daquela tiña pensado reducir o número de aulas, e loitamos porque isto non sucedese. E algo que destacaría foi que me tocou plantar todas as árbores do aparcamento, do cal estou moi orgulloso.

**Por que decidiches estudar a carreira de arquitectura?** O bo que ten esta carreira é que recolle moitas disciplinas, como as matemáticas, a física, a historia da arte, o cálculo de estruturas... abarca moitos campos e esa diversidade despois repercute no que fas no día a día.

**Tiñas nos teus plans traballar como profesor?** Pois non o pensei. Si que é certo que eu creo que é unha profesión que moitas veces non está moi ben valorada, e que a min me influíron moito profesores que tiven na escola, téñoos moi presentes. Por exemplo, eu estudei na que foi a primeira escola mixta de Vigo, e Antía Cal, a directora, que morreu hai pouco, para min era case coma a miña nai.

**Que é o que mais che gusta do teu traballo?** Pois no ensino, o que máis me gusta é tentar facelo ben, transmitir certos coñecementos ao alumnado e que ese alumnado realmente os recolla. Ás veces non é sinxelo, o feito de transmitilos correctamente é complicado, tes que intentar convencer o alumnado de que o que estás tratando de facer é transmitirille algo bo.

**Moitas grazas polo teu tempo e as túas palabras!**

## Entrevista con Paco Centeno

Paula Mosteiro e Gabriela Rodríguez, 1º Bacharelato

**Imos entrevistar a Paco Centeno, un mestre que leva desde o ano 1989 dando clases no IES Alexandre Bóveda.**

**Como cambiou Coia nestes 35 anos?**

Coia ou o instituto?

**Os dous.**

O instituto cambiou moito, evidentemente, non ten nada que ver co instituto daquelas. Había moita máis xente da que hai agora, moitos máis profes e moitos máis alumnos, aínda que pareza mentira. E aínda por riba había diúrno e había nocturno, cousa que agora non existe. O barrio de Coia a nivel social tamén cambiou bastante porque era un barrio moi conflictivo naqueles tempos e agora, para nada.

**De onde es?** Da Costa da Morte, Ponteceso. Provincia da Coruña.

**Que estudaches?** Son lincenciado en Matemáticas en Santiago.

**Por que traballas na docencia?** Sempre me gustou dar clase, é dicir, naqueles tempos facíase BUP e COU, e cando eu facía BUP xa me gustaban as matemáticas. Mentres estaba estudando, nos veráns daba clase na miña terra natal, Ponteceso, daba clases particulares e xa me gustaba daquela. Logo acabei a carreira, presenteime as oposicións e aquí estou, desde aquela. Só... trinta e oito anos.

**Como cambiou a forma de dar clase?**

Fundamentalmente, cambiou polo motivo das novas tecnoloxías. Ao principio as clases

eran moito máis teóricas e agora son moito máis prácticas, e hai moitos apoios que antes non había. Poder ter ficheiros que podes proxectar, que podes ver e programas que podes utilizar.

**No tempo que levas no instituto, que postos desenvolveches?** Fun xefe de estudos 18 anos, cousa que pouca xente vai poder conseguir, non é por nada, e director catro anos.

**Podes contarnos algunha anécdota que tiveras?**

Unha anécdota? Anécdotas graciosas téñoas todos os días en clase. Especialmente non teño nada... como pasan tantas todos os días, non se me ocorre ningunha. Interesante foi a traída do Bacharelato de Artes ao instituto.

Aquí pasaron moitas cousas, recordo con moito cariño todas esas competicións deportivas que faciamos nos recreos durante moitos anos, pasabámolo moi ben. Incluso chegamos a ter un equipo de profes, que xogabamos ao fútbol e ao brilé co alumnado. Ao baloncesto non se chegou a xogar, pero ao balonmán si. E pasabámolo moi ben, e os alumnos pasábano mellor cando nos gañaban, claro.

Levo aquí moitos anos, pasaron moitas cousas boas, pero tamén pasaron cousas non tan boas. Por exemplo, lesións de alumnos por parvadas. Teño levado moitas veces rapaces ao hospital por facer parvadas.



En todos aqueles anos, practicamente non dei clase de matemáticas, pero teño un recordo superespecial de todos aqueles alumnos aos que lles impartín clases fóra das aulas e que gañaron olimpíadas e *rallies* matemáticos. Na entrada hai unha vitrina que ten catro premios de *rallies* matemáticos gañados por grupos deste instituto, e non é fácil. Hai un grupo en concreto que gañou en Toulouse, na competición internacional.

**Xenia! Pois ata aquí as nosas preguntas, grazas por compartir este tempo connosco!**

~ Laura ~



*A profe de inglés Laura Quiroga a ollos de  
Yaiza Mesías Puente (1º ESO A)*

*yaiza*

### Alexia e Victoria: alumnas e milicianas

Marta Rodríguez, 1º Bacharelato D

Co motivo da Reconquista, as alumnas do bacharelato humanístico Alexia Multa e Victoria Suárez representaron dúas milicianas do bando vigués. Polo mérito desta participación, decidimos indagar nas súas experiencias con sete preguntas.

**Alexia, Victoria, ben sabedes que a vosa representación foi a dun importante conflito que ocorreu na realidade. Mais, durante esta experiencia, recibistes algún tipo de formación adicional? Nese caso, que poderíades destacar?**

**Alexia:** Durante os meses previos aprendemos un pouco sobre os feitos históricos que se ven reflectidos na representación teatral, pero foi a base de conversar casualmente coas persoas involucradas na organización, os ensaios eran maioritariamente para aprender a marchar en formación e a desempeñar o noso papel en xeral. Algo que me pareceu interesante foi aprender un pouco sobre armas; tiveron unha charla co home que xestionaba a milicia sobre as armas que utilizabamos, como funcionaban e para que se utilizaban nos conflitos armados de entón, foi moi curioso.

**Victoria:** Eu diría que o que máis me chamou a atención foi o grao de implicación e unión que tivo o pobo de Vigo no desenvolvemento do conflito

**Ben, como describiríades o ambiente durante a actividade?**

**A:** O ambiente era moi cómodo. A maior parte eran adultos, pero iso non foi nunca un problema, foron amábeis e acolleron as novas incorporacións cos brazos abertos.

**V:** Si, si, estou de acordo. Toda a xente que estaba alí eran voluntarios coma nós, estaban alí por gusto, e iso notábase un montón.

**Cal diríades que foi a mellor parte de participar na milicia?**

**A:** Eu teño clarísimo que o mellor que esta experiencia ofrece é a oportunidade de desfrutar da festa da Reconquista en todo o seu esplendor. Cando un vai de espectador non hai maneira humana de poder apreciar todo o que ocorre. Moita xente de feito non ten nin idea de que son nin a Milicia nin a tropa francesa e quedan coa parte dos postos de comida e artesanía (eu era desa xente, non me agocho).

**V:** Ter a oportunidade de ver en primeira fila a representación e estar presente nos puntos claves da festa... podo confirmar que paga a pena cada momento. A min outra cousa que me fixo graza é que indo pola rúa coa Milicia unha séntese importante. A xente xírase a mirarte, pregúntache cousas, pídeche fotos... Ai, encantoume.



**A:** O que dixo Victoria lembroume que unha señora canadense me pedira unha foto unha vez (ri). Sentinme realizada.

**Agora gustaríame que contásedes a peor.**

**A:** É moi cansado, pode parecer que non ao non estar sempre presentes en cada esquina, pero movémonos moito e cargar coa arma, andar baixo o sol con tanta capa de roupa encima... cansa, e bastante. Eu acabei cunha dor no brazo esquerdo que nin facendo pesas.

**V:** A min molestoume un pouco a manía dos periodistas de meterse no medio, sobre todo na parte da Gamboa, a máis perigosa. Aínda que nos dixeron xa de primeiras que as cámaras estaban aseguradas, que non pasaba nada se rompíamos algunha.

**Ademais de percorrer as rúas disfrazadas, fixestes unha obra de teatro sobre o conflito, non é? Como foi a experiencia?**

**A:** A Milicia non participa moito na parte da representación que se fai no escenario, alí só soben e falan dous milicianos. O que si, temos un papel especial no día previo no que facemos unhas escenas pactadas coa tropa francesa que preparan o ambiente para o día importante.

**V:** No momento do teatro na Porta do Sol a maioría estabamos abaixo, controlando un pouco a multitude para que non se achegase moito ao palco. Que foi unha moi boa experiencia tamén, a de desfrutar da actuación doutra xente.

**Dada a importancia que lle damos á dinamización da lingua galega nesta revista, deixádeme preguntar: falabades galego cos outros actores e directores?**

**A:** A verdade é que non, eramos un grupo maioritariamente castelán-falante, pero a lingua vehicular da festa é o galego polo que os cantos que berrabamos na formación eran en galego, co público fálase en galego e obviamente o texto da representación é en galego.

**V:** Incluso os franceses o falaban.

**E xa para rematar, cal foi a vosa impresión xeral da experiencia? Repetiríades?**

**A:** Foi unha experiencia inesquecible que penso repetir todos os anos que poida, síntome moi honrada por participar, por entreter os visitantes e por coñecer a xente tan boa. Síntome tamén moi agradecida co amigo da miña nai que insistiu en que lle dese á Milicia unha oportunidade, xa que non podo estar máis contenta co resultado.

**V:** O mesmo digo, foi unha experiencia moi distinta ao que estou acostumada e pagou a pena completamente. Ademais un dos franceses... Uf, como estaba... (Alexia e ela rin) Xa teño ganas da Reconquista do ano que vén.





# Música do país

O grupo *Ailá* é un grupo de música galega inspirado na música tradicional de transmisión oral e que ten como obxectivo principal facer bailar a xente. *Ailá* somérxenos no universo folk cunhas impecables recollidas históricas do saber musical popular. Coa súa proposta, o grupo pretende facer chegar a súa música de “raíz” ás xeracións máis novas cunha linguaxe e sons máis próximos, sen perder a esencia da tradición.

*Ailá* está formado por **Xan Pampín**, que é o acordeonista do grupo e ademais ten o labor de investigador e arranxador dos temas; **Manuele Pardo** e **Ángela Carou**, que se encargan das voces e da percusión; como último membro do grupo temos a **Abel Gañete**, que se encarga de tocar a trompeta e o fliscorno.

Estes catro artistas conforman un increíble grupo de música tradicional galega que tenta manter o sentimento de tradición.

En conversa con Manuele Pardo, tivemos a oportunidade de saber un pouco máis sobre as orixes do grupo, a súa traxectoria e a súa percepción sobre a situación actual do panorama musical galego. Dende aquí, moitísimas grazas por adicar ao Besbello Saltón un anaco do teu tempo!

**Cal é a orixe do nome do grupo? Que significa Ailá?** A orixe do nome *Ailá* vén das cantigas e moitas delas teñen o refrán “ailalelo” “ailalala” e basicamente é sintetizar estas palabras nunha soa, que é “ailá”.

Por outra parte hai unhas cancións de canto libre no repertorio galego que se chaman “alalás”. Ademais “Alalá” era un programa de televisión referente na música tradicional e do nome “alalá” finalmente saíu “ailá”, xa que era unha palabra que soaba moi propia da nosa cultura, entón por iso escollemos o nome “Ailá” para representarnos.

**Como é o proceso de creación e composición das vosas cancións? Cales son as vosas fontes de información e referentes?**

Unha das cousas que define o grupo son os arranxos de Xan Pampín (que toca o acordeón e o bombo) e haberá moita xente que diga que o grupo soa como *Radio Cos*, que é un grupo que xa non está en activo dende hai 10 anos pero que foi un “grupazo”, porque Xan Pampín tamén era o acordeista deste grupo.

Para o proceso de creación, Xan ten os estudos musicais previos e o que fai é coller unha peza tradicional que escoita nunha recollida ou nalgunha fonte, como por exemplo do APOI (que é o Arquivo do Patrimonio Oral de Identidade que está no Museo do Pobo Galego).





Tamén recorre a gravacións de YouTube ou a recollidas persoais que ten a xente. Despois escoita todas estas composicións e se lle gusta a melodía, ensínanola ao resto dos compoñentes de Ailá. Posteriormente, Xan harmoniza esta melodía poñéndolle unha harmonía de acordeón e fai tamén unhas pontes instrumentais para o instrumento complementario, que adoita ser normalmente a trompeta, aínda que agora tamén estamos a incorporar a zanfona.

Neste proceso de creación inténtase escoller as coplas en galego para evitar a castelanización na nosa música, é algo do que somos conscientes e que queremos reverter. Tamén tentamos escoller coplas que non traten contidos machistas, sexistas, racistas...

**Cal foi o momento máis destacado ou memorable para o voso grupo ao longo da traxectoria musical?** Un momento memorable foi cando fomos a Corea do Sur a poñer un sinal do camiño de Santiago (que é unha pedra que marca o camiño) e foi unha experiencia total. Fomos tocar a Asia, podémolo dicir.

Outro momento memorable foi gañar o premio Martín Códax na categoría tradicional, tamén cando o grupo foi seleccionado para o Womex, que é un festival de músicas do mundo, e por último cando o grupo foi a *Lorient*, que é un festival intercéltico de música que hai na Bretaña francesa.

Outro recordo moi especial para o grupo foi tocar en festivais referentes do noso país, como poden ser As Nosas Músicas de Couso, onde tocas para un público ao que lle gusta moito o baile, e como o repertorio musical de *Ailá* está enfocado ao baile, pois foi unha experiencia moi bonita.

Outro momento memorable foi cando tocamos na praza da Quintana tras o “covid” Este ano o grupo tamén ten pensado tocar en Ortigueira, no festival celta, e estamos moi motivados con iso.

**Por que vos decantastes por tocar música tradicional e non outro xénero?**

Todo o grupo vén da música tradicional: Xan Pampín estudou piano tradicional, eu toquei a gaita dende pequeno, Ángela a pandeireta... Este grupo quería manter a máxima expresión da cultura galega, pero querían manter esta expresión dándolle un enfoque novo de sonoridade pero sen perder melodías, textos, estruturas... O grupo decidiu tocar música tradicional para manter a tradición do pobo galego.

**Como vedes o papel da música galega na actualidade? Como credes que o voso grupo contribúe a ese panorama?**

O máis destacado é que a música tradicional está vivindo unha fusión con todo o comercial, como pode verse en outros grupos como Mondra, Tanxugueiras, Alana... Entón pode dicirse que está chegando xente nova ao panorama da música galega que intenta conservar o tradicional pero tamén facendo unha mestura coa electrónica. O noso grupo tenta preservar a música en directo e tocada por nós mesmos, ademais non utilizamos ningún tipo de base nin efecto, pero *bueno*, todo é respectable.



Na actualidade está crescendo un mercado moi potente de música en galego. Moitos músicos que antes cantaban en castelán agora pasáronse ao galego, pois ven que hai futuro nesta música, e tamén que o galego se está poñendo como “de moda”, e iso é algo positivo.

O grupo contribúe neste panorama achegando un pouco de “raíz”, de “terra”, de “matria”, dende un prisma con arranxos actuais pero sen perder esa esencia.

**Das cancións que escribistes, cal é a vosa favorita? Que vos transmite esa canción?** Cada un do grupo ten a súa propia canción favorita, pero no meu caso a miña favorita é “De Rafaela” porque é unha composición que comeza como un pasodobre que se pode converter en xota utilizando a mesma melodía. E paréceme que ten unha melodía superbonita e gústame moito cantala. Gústame Dorín de Rafaela que dicía que a bailar e a cantar “non lle ghañaba nin Dios”, jeje.

**Animamos a todos os nosos lectores e lectoras a descubrir os últimos traballos de Ailá, Sansolimón e Ailá de Nadal, unha compilación de panxoliñas e cantigas de Nadal tradicionais.**

**E, se tedes a oportunidade, non deixedes de ir velos en directo. Dende logo, facer esta entrevista converteume nun novo seguidor do grupo!**

**Pablo Prado Lorenzo, 2º Bac**



# THE RAPANTS

## A MÚSICA GALEGA ESTÁ EN BOAS MANS



Outro dos grupos cos que tivemos a sorte de conversar foi The Rapants. Nesta entrevista mergullarémonos na esencia da súa música, explorando as súas influencias, as súas inspiracións e o seu impacto na escena galega. Desde melodías enérxicas ata letras profundas que resoan co público, The Rapants ofrece unha experiencia musical única que captura a esencia da cultura galega e conta xa con máis de 35.000 oíntes mensuais en SPOTIFY!

Estamos entusiasmados de compartir con vós as súas historias, os seus proxectos futuros e o seu compromiso coa expresión artística en galego. Sen máis demora, entremos no mundo de The Rapants e descubramos o seu fascinante universo musical.

Con profundas raíces no corazón de Muros, The Rapants preséntanse como un sopro de aire fresco na escena da música en galego. En 2018, Xanma e Samuel (Gallo) crearon a banda tras inspirarse no son de Terbutalina, e uníronse a Xaquín na batería e Matías no baixo e sintetizadores para combinar as súas mentes creativas e talento. A partir de entón, a súa traxectoria está caracterizada por unha mestura de ritmos *disco* e guitarras *indies*, que traen á mente a The Smiths, The Growlers e Novedades Carminha.

A forma despreocupada e enerxética de The Rapants reflíctese nas súas letras, escritas en galego e castelán, que falan sobre temas do día a día como amor, desilusión, xuventude e festa. Combinan elementos do *rock and roll* clásico con toques da cultura urbana actual e a contracultura surfista.

Dende o seu primeiro EP *The Rapants* en 2018 ata o seu máis recente álbum *La Máquina del Buen Rollo*, lanzado cunha espectacular presentación no teatro Capitol en Santiago de Compostela en marzo de 2024, a banda deixou a súa pegada na escena musical galega. Non só pola súa música, senón polas súas colaboracións con recoñecidos artistas galegos como María Galdón, Grande Amore, Galician Army e Miguel Cernadas de Terbutalina.

Hoxe temos connosco a Samuel, vocalista do grupo, e realizáremoslle unhas preguntas.

### **Como describirías a música que adoitades crear?**

Pois a nosa música sería un guiso de estilos, pero sería moi divertida, animada e para bailar. Música para bailar.

### **Que te levou a converterte en cantante?**

Pois foi cando nos xuntamos Xanma e mais eu, que xa tocamos xuntos noutros grupos. Estabamos un pouco aburridos porque levabamos tempo sen tocar e sempre nos gustou moito xuntarnos, e *bueno*, empezamos como de cachondeo, xuntámonos nós os dous, empezamos a compoñer e a partir de aí pois chamamos a Matías e Xaquín e empezou The Rapants en 2018.



**Que estarías a facer agora se non fose pola túa carreira musical?** Pois agora mesmo eu estaría traballando de audiólogo protésico, Xanma nun museo posiblemente, Matías repartindo bebida e Xaquín na radio.

**Cal é a vosa inspiración principal ao crear música?**

Un pouco de todo, a verdade, de música inspirounos pois o *funky*, o *disco*, que son ritmos moi *guais* para poder bailar e desfrutar. E despois nas letras, pois coma sempre o amor, a amizade, o noso día a día basicamente, é o que nos inspira para escribir.

**Cando actuades en directo, que é o que máis desfrutades da experiencia?** Pois o que transmitimos, ou sexa, o ben que o pasamos os catro, iso transmítese á xente, e que a xente o pase tan ben tamén che chega a ti, entón motivaste máis e é como a carioca co rabo na boca, é seguido unha retroalimentación de cousas e sensacións.

**Que influencia ten a cultura galega na vosa música e letras?**

Moito, porque ao fin e ao cabo nós coa nosa forma de cantar e incluso moitas cousas que compoñemos son cousas da nosa zona, de como falamos en Muros, de como é a vida aquí en Muros... E *bueno*, inflúenos pois en todo o que facemos, porque sempre o queremos levar presente vaiamos onde vaiamos e que a xente vexa o que hai.

**Que consellos lles dariades a outros músicos que comezan na industria?**

Pois que empecen por facer algo natural que lles guste e que o fagan para pasalo ben. Que así é como funcionan as cousas, non querendo ser algo ou buscar algo forzado porque se nota. Que sexa natural e que queiran pasalo ben, e sexan moi responsables e sacrificados, hai que traballar moito para que o grupo vaia adiante.

**Que vos inspirou para o voso último traballo, *La máquina del buen rollo*?**

As ganas de desfrutar os catro tocando e de pasalo ben simplemente, facer desfrutar á xente.

**Cales son os vosos plans e obxectivos de futuro como grupo de música?**

Chegar o máis lonxe que poidamos, pasar o *telón de grelos*, coa nosa música, coa nosa cultura, co noso idioma, e sen ningún tipo de prexuízo, chegar a todo o mundo posible, demostrar quen somos. E nada, tamén gañar cartos e poder botarlle gasolina ao coche, poder pagalo, e esas cousas. Iso sería o ideal.



Ao coñecer o emocionante mundo musical de The Rapants durante a entrevista con Samuel, é evidente que as súas ganas de crear música alegre e enérxica, con fortes influencias da cultura galega, destácaos no panorama musical.

Desde o inicio ata o seu máis recente álbum *La máquina del buen rollo*, a banda mostrou un grande entusiasmo en compartir a súa música e desfrutar co público.

A súa música é auténtica e apta para un amplo público grazas á enerxía e vitalidade que mostran no escenario, xunto coas letras que falan da vida cotiá en Muros. Ademais, os seus consellos para os músicos *amateur* de permanecer fieis a si mesmos e desfrutar o proceso mostra o seu compromiso coa autenticidade na industria.

Coa clara meta de chegar a novas audiencias, preservar a súa identidade cultural e gozar da experiencia musical, The Rapants comprométese a continuar sendo unha potencia creativa na escena musical galega. Moitas grazas por deixar que vos coñecésemos un pouco máis!

Non podemos rematar sen recordar que non serán poucas as oportunidades para ver a The Rapants en directo neste verán, así que xa sabedes!! Deixámosvos algunhas das súas próximas datas:

- OurenSan Fest 2024 o 23 de maio
- Surfing the Lérez o 14 e 15 de xuño
- Portamerica 2024 o 4 e 6 de xullo
- Sonrías Baixas 2024 o 1 e 3 de agosto

E moitísimas máis, anunciadas tanto na súa páxina web coma nas súas redes sociais!

**Álex Alonso, Carla Lozano e Lucía Rodríguez, 2º Bac C**





## FILLAS DE CASSANDRA



Sara Faro e María Soa son as Fillas de Cassandra. O seu proxecto nace en Vigo no 2022 e co seu primeiro traballo *Acrópole* levan percorrido unha boa parte dos escenarios do país e colleitando un éxito tras doutro. En febreiro deste ano esgotaron entradas para a presentación no auditorio Mar de Vigo do seu espectáculo máis recente, “Últimas Dionisiacas”.

Coa mitoloxía grega como pano de fondo, Fillas de Cassandra achégannos á reivindicación feminista e á loita contra as violencias que sofren os colectivos situados en posicións de subalternidade. A mestura de pop electrónico en galego, con pegadas da música folk e ritmos bailables fan das súas cancións unha fonte de enerxía imparable.

Sobre a súa música e os seus proxectos conversamos con Sara Faro, que é ademais exalumna do IES Alexandre Bóveda.

### **Cales foron os vosos referentes á hora de darlle forma ao voso proxecto?**

Cando comezamos no proxecto, cada unha de nós traía unhas influencias moi diferentes en función da música que escoitabamos. Si que cadrabamos en Rosalía, pola innovación que propón dentro da música, e en Baiuca, pola mestura entre o folclore e a electrónica e o alento fresco que supuxo no panorama galego. Penso que esas dúas influencias, esas ganas rompedoras de facer algo novo

cunha linguaxe que apele á mocidade, mais esa outra parte de Baiuca que conecta coa raíz, pero cunha visión bastante fresca, foi o que nos inspirou en xeral.

Porén é certo que para o noso proxecto, concretamente para *Acrópole*, aínda que estas influencias puidesen estar no subconsciente, non acudiron de maneira consciente, viñan dentro de nós, e estiveron presentes á hora de compoñer algúns temas, coma noutros non. Deixámonos guiar polo noso instinto e polo que a nós nos apetecía facer e escoitar.

### **De todo o voso repertorio musical, tedes algunha canción que teña un significado especial para cada unha ou que desfrutádeses especialmente de compoñer e gravar?**

A cada unha de nós gústanos unha canción máis ou menos polas posibilidades que ofrece, ou para tocar en directo. Por exemplo, unha das favoritas de María é “Acrópole” pola liña de piano tan presente que ten e que leva o fío da canción, e porque é un pouco o peche do disco e dálle ese sentido circular. Pola miña parte, “Antígona” fascíname porque é unha letra moi directa que en tres frases é capaz de condensar o sentido total do que queremos dicir no disco.



Penso que dentro diso ambas cadramos en que unha canción moi especial é “Cassandra”, porque é a primeira canción que xurdiu e é a que dá nome e sustento ao noso proxecto a nivel conceptual e a nivel ideolóxico. A canción saíu nunha das primeiras veces que María e mais eu quedamos, quizais fora a terceira vez na nosa vida que nos viamos, cando María propón a melodía do piano e eu comezo a acompañala cunha percusión. A partir de alí desenvolvemos a nosa primeira canción pero tamén o que é o noso proxecto en si.

### **Cal é a vosa relación coa lingua galega e por que escollestes facer o voso proxecto en galego?**

Ambas somos neofalantes, o cal quere dicir que comezamos a falar galego por unha decisión consciente, política, e xa chegadas a unha idade bastante achegada á que temos agora. No meu caso foi aos quince anos e no de María aos vinte e algo, ao volver de rematar a carreira en Estremadura. Pero é certo que cando María e eu nos coñecemos xa ambas falábamos en galego, entón dende o primeiro momento a lingua vehicular que tivemos dentro da nosa relación foi o galego e polo tanto cando formulamos facer un proxecto conxunto simplemente saíu en galego de maneira orgánica e natural. Iso é algo do que estamos tremendamente orgullosas.

Pensamos que podemos colocar dentro da cultura galega un novo rexistro, unha nova realidade. Eramos plenamente conscientes do cariz político e reivindicativo que tiña isto e do que queríamos sumar á cultura en galego.

### **En febreiro presentastes o voso último traballo, “Últimas dionisiacas”, no auditorio Mar de Vigo. Como vivistes esa experiencia?**

“Últimas dionisiacas” é un espectáculo que pretende pór fin á era de *Acrópole*; non é un disco, senón un espectáculo que por fin integra todas as inquedanzas que desenvolvemos o ano pasado, no cal aprendemos a recoñecer que era o que queríamos poñer sobre o palco. Inclúe un deseño de luces, unha escenografía, unha proposta coreográfica, e obviamente as cancións, que seguen contando esa historia da Acrópole, pero quizais unha vez que xa foi conquistada como o lugar de poder que era dentro de Grecia, ao cal ás mulleres nos estaba prohibido o acceso. Unha vez que a *Acrópole*, o disco, xa consegue poñer voz dentro da Acrópole grega, podemos abandonala e quedamos festexando nos arredores, non? Na pole. Entón decidimos que antes de abandonar de todo este mundo grego, podíamos facer unhas últimas festas. E as festas que se facían en Grecia en honra ao teatro, á música, á danza, eran as dionisiacas, entón por iso as “últimas dionisiacas”.

E por todo isto que acabo de contar, porque a nivel conceptual era moi potente para nós poder despedirnos ben deste primeiro álbum a nivel vivencial foi a primeira vez que incluimos novos temas,

fixemos máis grande a equipa, tivemos unha residencia artística, contamos con profesionais de todos os campos... foi moi interesante é emocionante tanto a preparación como o concerto en si porque era na nosa casa, e a última vez que tocamos aquí fora na Sala Mundo, na que entran 400 persoas.



Anteriormente fora na Kominsky, na presentación mesma do proxecto, á que viñeran vernos os nosos 50 amigos. Entón poder encher un recinto de 1400 persoas que veñen verte, que teñen interese polo teu traballo, é realmente unha experiencia que para nós vai ser inesquecible.

### **Como recordades o voso paso polo noso instituto, o IES Alexandre Bóveda?**

Eu sempre direi que a min o Alexandre Bóveda me salvou a vida, o grupo de persoas que atopei alí. Eu viña de Salvaterra, dun contexto, no meu caso, moito máis pechado ideoloxicamente e eu entrei aquí directamente ao bacharelato de artes escénicas e tiven a sorte de atoparme cuns compañeiros e compañeiras que ían moi na corda ideolóxica do que eu pensaba e que tiñan as mesmas inquiredanzas, tanto de pensamento como artísticas, ca min. Formamos alí un grupiño moi guay e fixemos moitas cousas relacionadas co teatro, coa música, e coa poesía. Foi tamén moi importante para min e para o meu desenvolvemento como persoa o meu paso polo Comando Igualdade e tódalas persoas coas que me atopei alí, todas as profesionais como Chis, Ana e Priscila, das que aprendín inmensamente.

Sen dúbida sempre direi que se eu non tivera pasado por alí, se non tivera coñecido as persoas que coñecín e se non me tivera formado en feminismo como me formei, e sigo formándome a día de hoxe, o que eu tería achegado a Fillas de Cassandra non sería o mesmo que puiden achegar despois do meu paso polo Comando e por extensión, polo IES Alexandre Bóveda.

### **O noso instituto recolle alumnado de música e artes escénicas, tedes algunhas palabras para o noso alumnado que quere dedicarse á música e a arte en xeral aquí en Galiza?**

Eu diríalle a ese alumnado, primeiro, que o fagan sen medo, que crean nun proxecto que os faga querer, sen importar como de afastado pareza que está do que están facendo agora, sen importar de que se está ou non á moda ou de se vai a gustar ou non. Eu penso que a emoción é vehicular para un proxecto artístico, nós o que puxemos en Fillas de Cassandra foi a emoción polo noso propio proxecto.

Iso por unha parte. Por outra, que o fagan en galego. Non soamente por que faga moita falla senón porque realmente, o poder sumar algo á cultura en galego é unha oportunidade que só temos a xente que posuímos a lingua galega, ou a xente que acaba acolléndoa. O galego vaivos facer únicos dentro dun mundo que usa principalmente o inglés e o castelán e realmente temos unha riqueza lingüística brutal que hai que aproveitar para os proxectos.

### **7. Tedes algún novo tema, colaboración ou proxecto do que nos poidades dar unha exclusiva?**

Sinceramente penso que xa sacamos todo o que tiñamos. Agora acabamos de presentar no concerto da Ascensión, en Santiago de Compostela, unha nova colaboración, que vai ser con Caamaño e Ameixeiras, que está en preparación. Fixémola pública pero aínda falta para que saia.



### **Cal é o voso soño para o futuro?**

Nós sempre dicimos que aquí quen vaticina é Cassandra, nós soamente somos fillas, e aínda estamos aprendendo o don, así que nos gusta non saber que vai pasar no futuro, porque se hai dous anos nos dis que iamos estar aquí, sen dúbida non o creíamos. Así que prefiro chegar a dentro de dous anos dicindo, como cheguei eu ata aquí? Coa mesma sensación que teño agora de ilusión e ganas de coñecer ese futuro incerto.



**Moitas grazas, Sara, por adicarlle un anaco do teu tempo a *O Besbello Saltón!***

**Alexia Multa, 1º Bac D**





RESBATO  
SLTOR.  
2023



## Pirolíticos

*Pirolíticos*, interpretada polo dúo Mofa e Befa, foi levada a escena na Sala Ártika o 16 de marzo do 2023. Foi escrita por Lucía Aldao, María Lado e Clara Gayo, esta última tamén foi a directora. O propio nome da peza teatral fai referencia á *pirólise*, un proceso químico en que unha materia se degrada a través da aplicación da calor sen precisar de osíxeno (coma nos fornos, por iso na escenificación está presente un forno no fondo, ao que se fará referencia máis adiante). A metáfora é que este mesmo proceso ten que darse nas masculinidades e roles de xénero, arraigados na sociedade dende hai tanto tempo, facendo unha declaración de intencións ao presentar o aspecto feminista como tema central da obra.

Esta peza, unha comedia de carácter didáctico, caracterízase polo dinamismo argumental que se consegue a través de rápidos diálogos, apartes e constantes comentarios cheos de sorna e ironía. Todos estes recursos están ao servizo da crítica social que, máis que sinalar, trata de ensinar e educar a partir das situacións dramáticas que se presentan en escena. Darlle a un tema tan controvertido un ton cómico e humorístico, mesmo ridiculizando a figura do “macho alfa”, permite que o problema sexa facilmente recoñecible e que non provoque rexeitamento no público, alén de funcionar como acicate para educar da mellor forma posible, ou, mellor dito, reeducar a sociedade canto ás novas masculinidades.

Como reforzo da comedia, a estrutura da obra baséase nunha serie de *sketches*, baseados nas lembranzas, anécdotas ou comentarios dos dous únicos personaxes presentes en escena. Dende o comezo, estes dous personaxes comunícanos que xuntos formaron unha banda de *rock*, á que chamaron “Pirolíticos”, e que a relación entre eles é boa e amigable, produto dunha longa amizade. Estes dous personaxes logran evocar o texto sen erros, xogan con pericia coa pronuncia, cos volumes, cos tons esaxerados típicos da comedia e, sobre todo, cos tempos de pausa entre cada intervención ou posible chiste. En momentos concretos da obra, concédese certa liberdade á improvisación dos actores, feito que permite máis interaccións co público, e chega a un punto de esaxeración na dramatización que recorda a *commedia dell'arte*, xénero teatral que se desenvolveu en Italia no século XVI. Ao fin e ao cabo, os personaxes que interpretan non deixan de ser parodias ou arquetipos sociais, neste caso da vella masculinidade.

Durante a obra recórrese a unha mestura de estilos teatrais, dende o máis clásico ata o máis experimental, cos cambios de vestiario en directo para que os actores interpreten personaxes diferentes, o emprego do *atrezzo* non só como recreación espacial senón tamén con significado simbólico etc.

## Na galería: teatro

No tocante á escenografía, hai que retomar o comentado máis arriba sobre o forno. Cando comeza a obra, vese o decorado dunha cociña, cun refrixerador –cuxa porta servirá para facer algún cambio de vestiario–, unha mesa, dúas cadeiras, un moble e un chan de baldosas, coma a típica cociña norteamericana. Enmarcando este espazo escénico, ao fondo, o enorme forno. Este electrodoméstico aparenta ser moi novo, xa que non é de ferro e ten un reloxo dixital, que sinala a modernidade e os actuais avances da sociedade contemporánea, incluída a batalla que leva a cabo o feminismo.

Tampouco é coincidencia que o espazo escollido sexa unha cociña, xa que é o cuarto da casa que, ao longo da historia, serviu de confinamento das mulleres como responsables exclusivas das tarefas do fogar. Ademais, o forno adquire tamén relevancia como obxecto escénico, entre escena e escena, ao se converter na vía de entrada e saída dos personaxes e ao ser o lugar en que se producen algúns cambios de vestiario, totalmente visibles para o público.

O vestiario caracterízase pola sinxeleza, mais sofre variacións moi significativas que reforzan a mensaxe da obra. Os personaxes preséntanse vestidos, de cintura para arriba, cunha americana, camisa, gravata e lentes, simulando a elegancia establecida socialmente como vestimenta masculina, para rematar o conxunto cunha saia agrisada, calcetíns altos e zapatos. Esta elección non é máis que a representación dos roles de xénero a través da roupa que, ao se combinar dese modo, simboliza a ruptura dos estereotipos masculino-feminino e defende a liberdade de escolla.

Eventualmente, utilizan dúas perrucas cun estilo punk-rock, acompañado co ton da música, que se detalla máis abaixo. Tamén vestirán elementos que servirán para recoñecer personaxes concretos, como uns lentes negros e mais un gorro con placa que representan un policía. Ao final da obra, os dous actores deixan un tanto de lado os personaxes para se espir interpretar unha especie de monólogo cada un. En aparente contraste co resto da peza, utilizan un ton serio para mostrar como os artistas nesta industria están espidos diante do público e para convidar á reflexión sobre o tema que se tratou ao longo da obra.

Na iluminación predominan os tons azuis que permiten crear atmosferas únicas, segundo o requiría cada unha das situacións dramáticas dos *sketches*. Por outra parte, a música convértese nunha idea fundamental nesta obra dado que a parella protagonista formou unha banda de rock que está presente na música composta por Piti Sanz, e xogando cuns *leitmotivs* constantes, sobre todo nas transicións. Estes recursos completan a obra, proporcionando corpo, volume e consistencia.

En conclusión, Pirolíticos é unha das moitas obras que forman parte da cultura galega. Pese aos recursos mínimos utilizados, a parella de actores consegue formar un produto perfecto, idóneo para os tempos que corren dada a mensaxe que transmite e que non deixará indiferente a ninguén. Un goce total.

**Ginés Amoedo, 2º Bacharelato E**




# Mama Mia chega a Coia

O alumnado de artes escénicas do IES Alexandre Bóveda da promoción 2023/2024 estreou o 5 de abril unha adaptación do musical *Mamma Mia!*

Esta obra é un dos musicais máis representados nos teatros arredor do mundo. Caracterízase pola súa enerxía na trama, na que o motor son os mellores temas da banda sueca ABBA. Os directores da nosa adaptación foron Karol Muñoz, integrante da propia clase con experiencia no mundo do teatro, da modelaxe e das artes escénicas, e Alejandro Italiani, que protagonizou a obra precedente, *Teen Beach Movie*.

Como ben dixen antes, trátase dunha adaptación dunha obra, polo que houbo que realizar unha adecuación do texto orixinal, *Mamma Mia o musical* estreada en 1999. A acción da historia ten lugar na Illa grega de Skopelos, un espazo rural singular polas súas cores, vexetación, acolledores fogares etc. A historia acontece nuns poucos días ata que remata a voda. O fío condutor da historia é o misterio de quen é o verdadeiro pai de Sophie, a protagonista. Pois ben, esta nena quere casar co seu mozo, Sky; pretende facer unha gran festa na súa illa e quere que o seu pai a acompañe ao altar, mais non sabe quen é xa que nunca o coñeceu.

Na adaptación, o elenco dos personaxes principais dividíase da seguinte forma: Valeria Moncada como Donna, Sofía como Sophie, Adrián Beares como Sam, Alejandro Gómez como Bill, Joel Lorenzo como Harry, Ginés Amoedo como Sky, Elena Alonso como Rosie e Alba Pérez como Tanya.



Ao longo da obra, os mozos e mozas do bacharelato de artes conseguiron transmitir distintas mensaxes nas diferentes escenas: a ilusión e afán de Sophie ao principio da obra coa súa voda ideal, o desnortamento dos pais ao chegar á illa ou o golpe de realidade de Donna ao ver de novo aos seus antigos mozos.

No transcurso da historia sucédense distintas emocións, dende o drama á alegría, todo cunha estética cómica propia deste tipo de adaptacións. Baixo o meu punto de vista, este foi o punto chave: o contraste entre o drama e a diversión. Un momento no que se pode apreciar esta diferenza é na transición entre a canción "The winner takes it all" e "Take a chance on me", pois pásase dun momento clímax nunha conversa que representa o estado da relación amorosa entre Sam e Donna a un intento de atracción entre dous personaxes cómicos como son Bill e Rosie.



En toda a obra represéntanse diversos bailes nos que participan tanto personaxes principais coma secundarios e persoas do grupo de baile, sen texto. Un claro exemplo disto é a canción *Voulez-Vous*, na que, pola gran densidade, se ocupa o escenario e a parte de debaixo deste. Cabe destacar o traballo do equipo de coreografía conformado por Alba Meijide e Alba Pérez, coma principais coreógrafas.

Toda a escenografía deseñouse no centro educativo cos materiais que o propio grupo conseguía: cartón, papel, madeira etc. entre os compañeiros de clase encabezados por Adri Pujana. Na posta en escena optouse polo minimalismo con tres táboas de madeira móbiles situadas en arco na parte ulterior. Deste xeito, as transicións das escenas levábanse a cabo dun xeito dinámico e áxil.

Outro aspecto para destacar foi o vestiario. Neste caso, o grupo, púxose de acordo. coa preparación individual das distintas vestimentas de cadanseu personaxe, o único requisito foi non saír das cores representativos do musical: azul, branco e rosa; e atender á personalidade de cada personaxe para conseguir harmonía.

Por último, pero non menos importante, cabe resaltar a figura do técnico de son e iluminación, Claudio Ábalo, que se encargou de toda a música do directo, luces e demais efectos especiais. Neste caso, adaptou todas as cancións do musical á duración óptima e ao ton dos actores e actrices que tiñan que cantar, ademais de reproducilas en directo. A iluminación tamén foi realizada por el, o musical requiriu en momentos específicos movementos concretos dos focos nas que a iluminación cambia radicalmente para crear ambientes específicos.

En síntese, *Mamma Mia*, a adaptación do grupo de artes escénicas de 2º Bacharelato, foi unha sorprendente chegada dos grandes teatros a Coia reivindicando que, con esforzo e traballo, se pode conseguir calquera cousa. Unha peza de teatro que foi máis alá para o grupo, xa que supuxo o derradeiro baile, a derradeira canción e a derradeira convivencia destes mozos e mozas que, a partir de agora, emprenderán o seu propio camiño profesional. Do que non cabe dúbida é de que temos un seguro no futuro próximo de novos artistas galegos moi grandes que levarán a nosa cultura ao máis alto.

**Alejandro Gómez, 2º Bacharelato E**



*Podedes ver a  
representación  
en YouTube!*

## Lixeiro

*Lixeiro* é un poemario do poeta galego Ismael Ramos publicado o 13 de maio de 2021.

Comprende 30 poemas separados en dúas seccións nos que narra de forma metafórica sucesos ao longo da súa vida, introducindo persoas relevantes na mesma. Nestas dúas partes apréciase unha progresión negativa relativa ao seu estado anímico e forma de ver as cousas que lle ocorren, sendo en primeiro lugar as súas amizades e para rematar a súa familia. Ten unha estrutura circular clara.

Paréceme un libro espectacular no que o poeta deixa reflectidas anécdotas moi persoais de forma moi complexa e aparentemente insignificante, pero cheas de alma. Un libro no que te podes sentir identificado sen problema e, á vez, custa entender ou interiorizar certa información dada.

É un libro para xente madura emocionalmente. Trata temas que seguramente entendas se os viviches ou tes algún exemplo próximo ao que aferrarte.

Esixe un lector con certa vagaxe, xa que está cheo de referencias culturais e mitolóxicas, aínda que non conta cun vocabulario en exceso enrevesado nin difícil de comprender.

Ao meu parecer é innovador. Os poemas non teñen unha estrutura definida e hai quen podería non catalogalos deste xeito, pois seguindo os estereotipos tradicionais é unha poesía estraña. Asemade, hai que ter en conta que é actual e que os tempos cambian, como ben reflicte Ismael neste traballo.

Recomendo esta obra a toda aquela xente que sexa amante do amor e que queira cambiar a forma de ver algúns aspectos do seu redor sen desprenderse do seu.

O autor gañou o premio estatal de poesía “Miguel Hernández” 2022 con esta obra, da que o xurado destacou “a potencia da súa imaxinación poética”

**Alba Pérez Villa, 2º Bacharelato E**



## O derradeiro libro de Emma Olsen

Hoxe gustaríame facer unha valoración sobre un libro que lin recentemente, que foi *O derradeiro libro de Emma Olsen*, da escritora Berta Dávila. Mais antes de entrar en materia quero facerlle unha pequena introdución á autora.

Berta Dávila é unha escritora e poeta galega nacida en Santiago de Compostela en 1987 e destaca tanto no ámbito da narrativa como da poesía. Ao longo da súa carreira recibiu varios premios polas súas obras:

- En poesía recibiu o Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé en 2008 e o Premio da Crítica de Galicia en 2013.
- En narrativa gañou o Premio García Barros en 2013, o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil en 2015, o Premio Xerais de Novela en 2020 e o Premio da Crítica Española en 2021.

As súas obras exploran temas sobre a identidade, as relacións humanas e mestura a narrativa con elementos poéticos creando unha lectura profunda e única.

Na poesía poderíamos destacar *Corpo baleiro*, *Dentro* e *Raíz da fenda*; os temas destes libros xiran sobre a identidade e o sentido da permanencia cunha voz melancólica.

Na narrativa vou fixarme unicamente no libro do que vos veño falar hoxe, *O derradeiro libro de Emma Olsen*. Esta novela narra a historia dunha escritora que regresa á súa vila natal para rematar de escribir a súa última novela, xa que ten un cancro terminal.

É unha novela de enfrontamento ao pasado e ás nosas accións, dos nosos segredos máis íntimos e mellor gardados, e dá unha reflexión sobre a vida.

A medida que o lector pasa as páxinas, coñece a historia persoal de Emma e vívea en primeira persoa con ela, compartindo os seus sentimentos e as súas ideas. Os temas principais desta novela son a nostalxia dos nosos mellores recordos e da nosa infancia, a identidade de saber quen é cada un e o que queremos ser na nosa vida. Fala tamén sobre a morte dende moitas perspectivas diferentes e dámos moitas visións sobre que é a morte para cada un e que tan preto está de nós.

Esta novela destaca tamén polos seus profundos personaxes, coñecémolos en primeira persoa e sabemos todo sobre eles, como é a súa vida, como se senten, os seus pensamentos e desexos na vida... Déixanos empatizar moito con eles e facernos as mesmas preguntas que se fan eles sobre as súas vidas; é por iso que cando lles acontecía algo, o lector sente tamén ese baleiro en si mesmo.

Este libro ofrece tamén unha visión moi crúa da realidade, xa que non segue un esquema típico de moitas novelas onde o problema se soluciona e temos o noso final feliz. Nesta novela dáse unha visión verdadeira sobre problemas que temos moitos nas nosas vidas, e sobre segredos que moitos gardamos esperando que nunca sexan descubertos.



## Na galería: narrativa

A historia non remata relativamente ben, simplemente conta a verdadeira historia dunha muller que escapou da súa vila natal escondendo un gran segredo que rematou confesando antes de morrer. Desvélanos todos os eventos que sucederon e que provocaron ese segredo.

Non quero dar máis detalles sobre a historia, xa que penso que é moi interesante que leades este libro sen ter moito coñecemento previo do que vai pasar, e estou moi segura de que vos vai encantar.



**Naiala Valverde, 1º Bacharelato A**



### O Pianista, supervivencia entre o horror

Adrien Brody dálle vida a Władysław Szpilman, un magnífico pianista polaco de orixe xudía que relata as súas lembranzas durante a II Guerra Mundial.

A obra estaba a cargo do célebre director Roman Polanski, o cal levou a cabo unha incríbel dirección, sendo así recoñecido mundialmente polo seu traballo. En 1962, Polanski comeza a súa longa e próspera carreira cinematográfica e deu o salto con filmes como *O baile dos vampiros* ou *Rosemary's Baby*.

*O Pianista* recibiu numerosos premios e recoñecementos, incluíndo tres premios da Academia:

- Mellor director (Roman Polanski),
- Mellor actor (Adrien Brody)
- Mellor guión adaptado.

Ademais dos Oscar, o filme gañou a Palma de Ouro en Cannes e recibiu múltiples premios BAFTA, incluíndo mellor película e director.

A película retrata a supervivencia de Władysław Szpilman durante a segunda guerra mundial. Ambientada na Varsovia ocupada polos nazis, Szpilman, a medida que a guerra avanza, enfrenta a persecución e a brutalidade nazi, vendo como a súa carreira e vida se desintegran. A música será a ferramenta que usará Szpilman para manterse conectado coa súa humanidade e resistencia. A historia reflicte a profunda crueldade e sufrimento do Holocausto e a forza do espírito humano para sobrevivir en medio do horror. A pesar de mostrar un período onde a bondade humana non parece existir debido á brutalidade do nazismo esta maniféstase nun dirixente nazi para salvar a vida do noso protagonista.

Un dos puntos fortes da película é a súa capacidade para retratar de forma crúa e realista as atrocidades cometidas durante o Holocausto. As imaxes chocantes e os relatos detallados mergúllannos nun mundo de dor e desesperación, facendo que o espectador reflexione sobre a verdadeira magnitude do sufrimento humano naquela época.

A interpretación maxistral de Adrien Brody como Władysław Szpilman é outro aspecto destacable da película. Brody consegue transmitir de maneira brillante a angustia e o terror do personaxe nunha situación límite, gañando merecidamente o premio Oscar ao mellor actor pola súa actuación conmovedora e auténtica. A dirección de Roman Polanski é sobresaínte ao retratar con sensibilidade e detalle os horrores da guerra e a resistencia humana. A súa habilidade para crear unha atmosfera intensa e claustrofóbica fai que o espectador se sinta inmerso na historia e experimente unha ampla gama de emocións ao longo do filme.

En resumo, *O Pianista* é unha película conmovedora e sorprendente que nos obriga a reflexionar sobre a natureza da crueldade humana e a forza do espírito humano diante da adversidade. A través dunha narrativa poderosa e interpretacións excepcionais, ofrece unha visión inquebrantable do Holocausto que non deixa a ninguén indiferente.

**Alejandro Italiani e Joel Lorenzo**  
**2º Bacharelato E**



## Ballet de amorodos e mazás

Iria Santos Romero 2º Bach D

Ía ser o noso aniversario. O tempo pasa tan rápido, xa tres anos de relación. Coñecerámonos na biblioteca do centro, íamos estudar alí a miúdo, atopabámonos na caixa rexistradora, fóra da biblioteca, cando tomabamos descansos. Alí comezamos a falar, tanto que demos en namorarnos. Propúxome ser a súa moza unha das tantas veces que me acompañou á miña casa, na porta. Fun moi feliz con el, diría que dos mellores anos da miña vida. Apresureime ao mercado para comprar a nosa sobremesa favorita, unha torta de amorodo, suficiente para unhas catro persoas. Facía tempo que non nos víamos, coa universidade, ambos vivíamos en cidades diferentes, agora en primavera podíamos estar un tempo xuntos. Fun cara ao parque, onde tiveramos algunhas das nosas citas, as máis especiais.

Cando cheguei alí el non estaba, dixo que se atrasara o tranvía, polo que era normal que non estivese. Decidín sentar nun dos bancos do parque. Era un parque cheo de árbores, unha parte para os nenos pequenos, unha zona para concertos e un espazo cun pequeno museo de arte. Tamén tiña unha lagoa, de onde saían camiños que percorrían todo o parque. Esperando vin unha parella, a moza tiña o cabelo curto, de cor negra, e o rapaz, o cabelo curto e da cor das abelás. Curiosamente levaba unha camiseta que tiña o meu mozo, parecíanse tamén os pantalóns, e o estilo. Agarda.

Non sei se por sorte ou por desgraza, descubrira o meu mozo agarimoso e garatuxeiro con outra muller. Quedei atónita. Non sabía se chorar ou se ir e confrontalo, pero sabía con certeza que quería irme de alí. Decidín levantarme, quitarlle o plástico protector á torta e tirarlle á cara. Acabou con toda a cabeza chea de biscoito, nata e amorodos. “Espero que desfrutes os amorodos” díxenlle. Lisquei para a residencia da universidade. Pasei ese fin de semana na casa encerrada, non quería saír, a tristeza someteu o meu corazón. Ser traizoada pola túa parella non era algo moi bonito.

Comecei a non ir a clase, sacar peores notas e perder algúns amigos, menos os compañeiros da residencia, que intentaron axudarme a superar o sucedido, mais non deron feito moito. Nesas semanas case non comín, nin durmín. O cabelo empezou a caer con máis densidade. Sendo tempada de amorodos, a miña cabeza só podía pensar nel, naquel home que me fixera tanto dano. Cun pouco de ánimos ante a chegada do verán, logrei sacar os controis finais. Ao rematar, Estela, unha das miñas compañeiras da residencia, invitoume a vela bailar nunha exhibición de ballet. Foi unha das poucas veces que saín da residencia dende aquela.

O acto era pola noite, ás oito. Estela ía bailar o cisne negro do *Lago dos cisnes*. Incluso antes de que Estela saíse cara ao teatro, ela elixiume un vestido para a ocasión “Espero que che guste o que che elixín” puxo na nota que deixou na miña mesa. Elixira un vestido negro, curto, cuns botíns e unha chaqueta branca. Sorrín. Tiña moitas ganas de ir vela. Saín da residencia con tranquilidade, o atardecer era fermoso, a cor vermella e amarela do ceo mesturábanse nunha fermosa cor laranxa. As nubes parecían algodón de azucre, rosa e branco. As farolas prendéronse, iluminando a rúa. Tomei o bus. Ás portas do teatro había moita xente, familiares, amigos, parellas. Eran as oito menos cuarto, podíamos entrar. Na entrada déronnos a cada quen un tríptico, unha folla dobrada en tres coa orde de actuación e coa obra que representarían.


Sentei no auditorio, daban as oito. Os participantes comezaron a pasar. O *Crebanoces*, *Don Quixote*, *Coppelia*, *Harlequin* e moitos máis. Eran como cincuenta participantes. Chegou a quenda de Estela, saíu cun moño, sombra de ollos negra, traxe negro e tamén os brazos negros, cunha luva que cubría as súas mans ata o cóbado. Víase fermosa, extraordinaria. Actuou de forma elegante, no teatro só se escoitaba a música e o bater das súas puntas contra o chan cando saltaba. Notábase a súa emoción en cada pirueta, e contaxiaba esa emoción ao público. Levanteime e aplaudín cando rematou, como moitos outros. Quedei a ver as demais actuacións, mais agardando poder saír do teatro para atoparme con ela. De volta á residencia fomos falando de Tchaikovsky, o compositor do *Lago dos cisnes*.

Días despois chegaron os resultados da competición. Estela entrara na escola de *ballet*, para a sorpresa de ninguén resultara a mellor actuación da noite. Durante todo o verán foi á escola de danza, aprendeu, mellorou e converteuse nunha das mellores da academia. Chegou o outono e, con el, un novo curso, terceiro de Historia da Arte. Adoro a arte. Interpretala, a súa orixe, unha increíble forma de expresión, digna de admirar. O curso pasou con tranquilidade. Chegados a novembro, Estela invitoume de novo ao teatro, *Romeo e Xulieta*, onde interpretaría á ama de Xulieta. De novo, fora ao teatro. Son elegante, baile delicado, nada novo. Chamoume a atención *Romeo*. Un baile delicado e sincero, expresión sinxela, movementos decisivos.

Saíndo do teatro, atopei a Estela e este “*Romeo*” falando. Saudei e presentounos. Chamábase Adán. Invitounos ás dúas a unha cea para festexar a primeira obra de Estela na escola e fomos en bus ao restaurante, porque ámbolos dous estaban esgotados. Alí falamos sobre máis compositores clásicos, Vivaldi, Beethoven, Shostakovich, todos increíbles. Ao rematar, intercambiamos números, para manter contacto, e regresamos á residencia.



Pasaron dous anos, rematei a universidade, mudeime da residencia, e agora traballo no museo daquel parque. O olor da pintura inunda o lugar, parece coma se cada día alguén estivese pintando un cadro de dous metros naquela galería. As brancas paredes fan resaltar as obras. Algunhas son diminutas, outras do tamaño da sala, e a min pásanme as horas a admiralas, as cores, os trazos. Chegoume unha mensaxe. “Vémonos na túa casa, Ruth” dixo Estela. “Ok”. Chegando ás sete da tarde, pechei o museo, camiñei polo parque, seguindo un dos camiños do lago, e regresei á casa, pequena, pero suficiente para unha persoa. Petaron na porta. Eran Estela e mais Adán, estaban sorrindo, felices de verme, e eu tamén. “Trouxen torta de mazá” dixo Adán. Claro, era outono, época de mazás.



కె.వి.కె.సి.

